

## Os reflexos do grupo consonántico latino /ks/ no galego medieval\*

Ramón Mariño Paz

*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMO:

Neste artigo descríbense os diversos reflexos do grupo consonántico latino /ks/ que se documentaron nun corpus de galego medieval e latín galaico medieval composto por textos literarios e non literarios escritos entre os séculos X e XVI. Así mesmo, realízase unha aproximación á historia das estruturas silábicas da lingua galega.

**Palabras chave:** Galego medieval - Reflexos do grupo latino /ks/ - Estructura da sílaba.

### ABSTRACT:

In the present article we describe the different reflexes of the Latin consonant group /ks/ which were documented in a corpus of Mediaeval Galician and Mediaeval Galician Latin made up of literary and non-literary texts written between the X<sup>th</sup> and XVI<sup>th</sup> centuries. At the same time, we will deal with the history of Galician syllable structures.

**Key words:** Mediaeval Galician – Reflexes of the Latin group /ks/ - Syllable structure.

Nun artigo inicialmente publicado en 1971 reflexionaba Diego Catalán sobre o descoido en que a fonoloxía diacrónica viñera ata entón deixando dúas cuestións que, sen embargo,

---

Data de aceptación: maio de 1999.

\* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *Gramática histórica da lingua galega*, posto en marcha polo Instituto da Lingua Galega coa subvención económica da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Na súa realización beneficeime das suxestións que en diversas ocasións me fixeron Ramón Lorenzo e Xavier Varela Barreiro; vaia para eles, desde aquí, o meu recoñecemento.

deberían ser para ela do máximo interese. Para empezar, Catalán afirmaba que había que lle prestar moita máis atención da que ata entón se lle viñera concedendo á tendencia das linguas a estruturárense fonoloxicamente de acordo con determinados paradigmas silábicos, pois a sílaba, lonxe de ser un simple agregado de fonemas, atense a unhas regras de organización interna e a unhas normas combinatorias suprasilábicas que resultan imprescindibles para explicar axeitadamente os mecanismos da variación alofónica. A seguir, e tendo en conta o anterior, Catalán exhortaba os especialistas para que estudiasen adecuadamente a historia das modificacións experimentadas ó longo do tempo pola organización silábica de cada lingua histórica, campo de estudio ata entón descoidadísimo pola fonoloxía diacrónica en xeral, e pola española en particular (cf. Catalán 1989). Desgraciadamente, se unha consideración coma esta non pecaba de esaxerada no ámbito da fonoloxía diacrónica do castelán en 1971, para o caso do galego o lamento podería estar aínda máis xustificado no ano 2000, xa que no que atinxe á historia das estruturas silábicas da nosa lingua aínda nos movemos no terreo das intuicións e as apreciacións subxectivas e aproximativas, faltos como estamos dos imprescindibles traballos de detalle.

Como pequena contribución a este tipo de estudos diacrónicos presento eu este artigo, que non fai senón desenvolver unha liña de investigación persoal que ata o de agora fructificou noutras dúas pequenas achegas anteriores a esta: unha sobre os grupos consonánticos heterosilábicos iniciados por /b/ no galego medieval e no galego medio (Mariño Paz 1998) e outra sobre o grupo /kt/ no galego medieval (Mariño Paz 1999). Os tres traballos están presididos pola atención ás posibilidades constructivas que historicamente presentou en galego a coda silábica, e especialmente pola atención ó tipo de consoantes ou combinacións de consoantes que nela poden aparecer.

## 1. ALGUNHAS CUESTIÓNS SOBRE OS GRUPOS CONSONÁNTICOS E A ESTRUCTURA DA SÍLABA EN LATÍN

En posición inicial de palabra a evolución histórica da lingua latina deulle continuidade a unha tendencia xa sinalada por diversos autores para o primitivo indoeuropeo: a consistente en simplificar os grupos consonánticos compostos de dúas ou tres consoantes<sup>1</sup>. Escaparon a ela os grupos homosilábicos integrados por oclusiva seguida de líquida ou vibrante (PLĒNUS, TRĒS, CLUO, GRANDIS, etc.) ou por fricativa apicodental xorda máis oclusiva (STŌ, SPATĪUM, SCANDEO, etc.), pero case tódolos restantes grupos camiñaron desde épocas remotas cara á eliminación da primeira consoante, e entre eles /ks/ (KSENTIS > SĒNTĪS). En troques, non foi tan radical a simplificación de grupos en posición interior de

<sup>1</sup> En principio, sigo aquí a Bassols de Climent (1983: 203-232), de quen tomo tamén varios exemplos. As referencias a algunhas outras obras consultadas introduciréinas no momento oportuno.

palabra, onde permaneceron moitos dos que en posición inicial se reduciran; así, por exemplo, fronte a (K)SENTIS, poderíanse citar casos coma o de AXIS. De toda maneira, as prescricións dos gramáticos acabaron sendo inútiles e a deriva da lingua latina tamén se orientou cara á eliminación das estruturas silábicas esixidas pola conservación de grupos heterosilábicos en posición interior de palabra: a asimilación (ADPELLO > APPELLO) foi sen dúbida a vía que máis constantemente alimentou esta deriva, e formas vulgares coma VISIT por VIXIT dan tamén elocuente testemuño destas tendencias.

Nos grupos interiores de tres consoantes era común desde o latín arcaico a eliminación de unha ou dúas delas, a primeira e/ou a segunda, cunha probable asimilación previa: ADSPĪRO > ASPĪRO, SEXCENTĪ > SESCENTĪ, \*SEXDECIM > SĒDĒCĪM, \*SEXVIR > SĒVIR ‘séviro, cada un dos membros dun colexio de seis persoas’, \*TEXLA > TĒLA, \*LOUCSNA > LŪNA, IOUXMENTUM > IŪMĒNTUM, etc. Os dous elementos do grupo /ks/ foron eliminados cando, formando parte do prefixo latino ĔX-, ían antepostos ás consoantes oclusivas sonoras, a /l/, a /m/ e /n/, a /r/ e ás semiconsoantes palatal e velar; así o poñen de manifesto voces clásicas coma EBULLĪTĪO, ĒDICTUM, ĒGREGĪUS, ĒLĪĜĒRE, ĒMITTERE, ĒNŪNTIĀTĪO, ĒRĪĜĒRE, EJECTĀRE e ĒVĀDERE, nas que se usaba Ē- como variante combinatoria de EX-. O grupo interno /-kst(r)-/, simplificado en voces coma \*INLUCSTRIS > ILLUSTRIS de acordo coa norma xeral, mantívose en principio en palabras coma SĔXTUS, DĔXTER, IUXTA e MĪXTUS: en SĔXTUS pola probable influencia analóxica de SĔX, nas outras tres tal vez por ser nelas un grupo de formación secundaria (DEX(I)TEROS, \*IUG(I)STA, MIX(I)TOS). De toda maneira, este grupo interno tamén se simplificaba na fala máis espontánea, como proban as fontes do latín vulgar e os propios resultados románicos (Bassols de Climent 1983: 222; Grandgent 1991: 168; Väänänen 1982: 109): casos de perda da primeira consoante de /-kst(r)-/ témolos en formas latinovulgares coma *destra* ou *Sestius*.

En posición final de palabra o grupo /ks/ (que podía proceder de /gs/, mediante desonorización da oclusiva sonora), mantíñase no latín clásico (REG-S > RĒX, NEC-S > NEX), pero eliminaba o /k/ no latín vulgar, é dicir, nos rexistros informais. Grafías hipercorrectas coma ARIEX por ARIES ou MILEX por MILES, condenadas no *Appendix Probi*, dan testemuño da vitalidade destas tendencias simplificadoras.

Podemos dicir, para rematar esta brevísima introducción, que en latín o grupo bifonemático /ks/ non era posible na marxe prenuclear das sílabas, pero si como grupo heterosilábico en posición interior de palabra (DĪXĪ ‘dixen’), onde tiña unha frecuencia non destacada, pero si notable, e tamén como grupo homosilábico ó final de palabra (NOX ‘noite’), onde soamente era superado en porcentaxes de frecuencia por /-nt/ e /-st/. Tamén eran posibles grupos trifonemáticos ou tetrafonemáticos coma /-kst-/ (SĔXTUS), /-lks/ (FALX ‘fouce’), /-rks/ (ARX ‘fortaleza, alcázar’), /-nks/ (DEUNX ‘once dozavos’) ou /-kskr-/ (EXCREMĒNTUM), pero presentábanse en xeral con baixa frecuencia (cf. Devine / Stephens 1977: 180-187; Lloyd 1993: 140-147). En conxunto, había en latín importantes restricións

en canto ó número e tipo de consoantes que podían aparecer en posición final de sílaba e de palabra e clara tendencia á neutralización das oposicións consonánticas neses contextos. Neste punto, paréceme oportuno lembrar que nun estudio dunha mostra de 3000 sílabas consecutivas tomadas de textos latinos en prosa, Lloyd (1970; 1993: 147-148) observou que as sílabas libres predominaban con ampla avantaxe sobre as trabadas, xa que chegaban a constituí-lo 56.9 % do total e, de considerárense tamén como libres as finais de palabra acabadas en /-m/ (que quizais presentasen unicamente unha resonancia nasal na vocal final), a súa porcentaxe ascendería ata o 62.7 %; isto significaría que “la posición de fin de sílaba era especialmente débil” e que “la sílaba típica era libre en latín, y todas las consonantes que seguían al núcleo silábico estaban especialmente expuestas a la erosión” (Lloyd 1993: 148). Esta tendencia iría progresando no latín tardío (Lloyd 1993: 229-230), consonte unha preferencia pola sílaba libre que, aínda que non chegue nunca a desenvolverse ata as súas últimas consecuencias en ningunha variedade lingüística<sup>2</sup>, parece ser común non só ó conxunto dos idiomas románicos (cf. Posner 1998: 354), senón tamén á maioría das linguas en xeral, e quizais incluso a todas elas (cf. Pulgram 1970: 66-75).

Mais o latín, por outra parte, desenvolvíase nunhas condicións que son igualmente comúns a tódalas linguas que presentan un certo nivel de desenvolvemento cultural: ocorría nel -ocorre nelas- que a libre deriva das tendencias da fala espontánea debe vivir tutelada, refreada ou coutada polas prescricións gramaticais, de orientación conservadora.

## 2. /KS/ HETEROSILÁBICO.

### 2.1. /ks/ primario e /ks/ secundario.

Tendo en conta o que anteriormente se expuxo, coído que resulta altamente probable que o /k/ latino xa se realizase como fricativo cando estaba situado na marxe posnuclear da sílaba e formaba parte dun grupo consonántico heterosilábico. Tamén me parece razoable conxectar que esa fricación se producise en principio con rozamento entre o posdorso da lingua e o veo do padal tras vocal velar, mais con rozamento entre o predorso e o padal anterior tras vocal palatal: NÖCTE > \*noχte, TĒCTU > \*teçtu<sup>3</sup>. As realizacións e evolucións históricas dos grupos /kt/ e /ks/ serían en boa medida paralelas, e en ámbolos casos as diversas variedades románicas camiñarían cara a distintas formas de nivelación da devandita

<sup>2</sup> Neste sentido, interesan aquí as obxeccións que Marotta (1998: 445-448) opón á consideración de que no ámbito románico existe unha tendencia xeneralizada cara ó triunfo da sílaba aberta: a síncope e a apócope, que foron ou son moi activas en certas variedades lingüísticas (francés, occitano, catalán, portugués moderno, etc.), conduciron ou conducen a un aumento das sílabas trabadas; as sílabas trabadas por /l/ ou /r/ semellan relativamente frecuentes e estables en moitas variedades románicas; etc.

<sup>3</sup> Utilizo [χ] e [ç] cos valores que lles dá Lausberg (1976: I, 380-383).

duplicidade, de modo que acabarían por xeneralizarse as realizacións fricativas velares ([χt] - [[χs]) ou as fricativas palatais ([çt]- [çs]). No italiano común a realización \*[çs] do grupo /ks/ transformaríase, mediante unha asimilación recíproca, nunha consoante fricativa prepalatal xorda e longa: CÕXA > *coscia*, FRAXĬNU > *frascino*, MAXĬLLA > *mascella*. Co esperable resultado breve, e non longo, esta articulación impoñeríase tamén pola Romania occidental, onde foi común o desenvolvemento de [j] na sílaba anterior: MAXĬLLA > catalán *maixella*, castelán antigo *mexiella*, galego e portugués *meixela*. Existen, ademais, resultados románicos occidentais con [j] pero sen consoante palatal: FRAXĬNU > provenzal *fraisse*, sobreselvano *fraiszen*, francés antigo *fraisne*.

Creo que na explicación que ó respecto dá Lausberg (1976: I, 380-383) non queda claro por qué nesta solución do provenzal, sobreselvano e francés antigo entende que o primeiro elemento do grupo consonántico (é dicir, [-k-] > [-ç-]) sonorizou en [j], mentres que para a propia do catalán, castelán antigo, galego e portugués pensa na “entrega de una *i* a la sílaba anterior”. Se non se nos ofrecen argumentos que proben o contrario, coido que podemos concibir unha única evolución occidental [ks] > [çs] > [js], en que posteriormente podería darse ou non palatalización da fricativa apicoalveolar provocada polo iode; o propio Lausberg, que opina que a evolución de [ks] “se ajusta en amplia medida a la de -kt-” (p. 382), afirma que para o grupo [kt] houbo unha parte da Romania occidental en que [ç] procedente de [k] sonorizou en [j], que posteriormente se combinaría coa vocal precedente formando ditongo (pp. 380-381). Ó meu parecer, en ámbolos casos estaríamos ante un desenvolvemento fonético xurdido da histórica tendencia a debilita-las consoantes da coda silábica propia do latín, que iría conducindo cara ó predominio das sílabas libres de que xa se falou anteriormente (cf. Lloyd 1993: 229-232, 404-406).

A maior parte das documentacións de voces patrimoniais extraídas das fontes galegas medievais consultadas presentan un resultado con consoante fricativa prepalatal xorda /ʃ/, unhas veces con semiconsoante palatal na sílaba anterior e outras veces sen ela. Este resultado detéctase desde os textos máis antigos (instrumentos notariais latino-galaicos do século X), na literatura en prosa e en verso e nos instrumentos de carácter notarial.

ALEXANDRE. Sécs. XIII-XIV: *Aleyxandre* (GE 62, 66, 120, 158, 187, 241, 279; TC 101), *Aleixandre* (TC 404, 410; CT 230), *Aleixandria* (CSM 145.10, 155.1), *Aleyxandria* (CSM 155.17; GE 279), *Leixandria* (TC 887) / *Alexandre* (TC 465), *Alexandria* (CSM 65.72, 65.101; 145.1). Séc. XV: *Aleixandre* (MS 140; CI 32, 33), *Aleixandria* (MS 93). ANNEXU. Sécs. XIV-XV: *aneixa* (Viv.2 747, ano 1423), *aneixava* (Sinogal 35, ano 1448), *aneyxen* (Maia 102, ano 1414) / *anexos* (LCP 55, ano 1432), *anexaçon* (Sinogal. 331, ano 1439), *anexado* (Viv.2 801, ano 1408), *anexamento* (Vil. 157, ano 1378), *anexidades* (USC 514, ano 1500), *anexaua* (Viv.2 801, ano 1408), *anexou* (Vil. 157, ano 1378) *anexara* (LCP 87, ano 1437). En portugués rexístranse *anexo* e *aneyxo* no XIV (Cunha).

AUXILĪU. Séc. XV: *auxilio* (USC 390, ano 1437), *auxillio* (Vil. 303, ano 1425; Vil. 331, ano 1430).

AXE. Séc. XIV: *eyxe* (GE 184, 185, 187), *eyxes* (GE 182, 188), *eixo* (CT 320).

CONNEXU. Séc. XV: *conexidades* (USC 514, ano 1500), *conexos* (LCP 55, ano 1432).

CŌXA. Séc. XIV: *coyxa* (CT 482). Séc. XV: *coixa* (MS 11; TA 20, 399, 452), *coyxa* (MS 10; TA 17, 19, etc.), *coixas* (TA 346, 347, etc.), *coixas* (TA 17, 18, etc.), *qoixas* (TA 348).

CŌXU. Sécs. XIII-XIV: *coxo* (TC 205), *coxeaua* (GE 298).

DELAXĀRE. Séc. XIV: *deleixado* (CT 639).

FRAXĪNU. Séc. X: *Fraixeneto* (Calas 71, ano 934), *Frexitu* (Calas 72, ano 943), *Frexeneto* (Calas 71, ano 951); Huber (1986: 56) cita un *Freixeno* do ano 907. Séc. XII: *Frexenariu* (Calas 72, ano 1107), *Frexeno* (Calas 72, ano 1152), *Freixiu* (Calas 72, ano 1155). Séc. XIII: *Freyxeo* (Camanzo 353, ano 1276). Sécs. XIV-XVI: *Freixo* (Vil. 154, ano 1377), *Freyxo* (Maia 63, ano 1399; Maia 94, ano 1405; Maia 127, ano 1502; Vil. 267, ano 1412), *freyxos* (MS 90), *Freyxiido* (Vil. 252, ano 1408).

HEXÁMITOS. Sécs. XIV-XV: *Xamete* (TC 103, 749; CT 361). Máis documentacións medievas de (*e*)*xamete* ou *xamite*, desde o ano 1169, en TC: II, 1331. Ignoramos cómo chegou a voz grega *hexámitos* ‘de seis fíos’ á Península Ibérica, pero, segundo *Cor-Pasc.*, non é palabra herdada do latín vulgar. En todo caso, a evolución de /ks/ heterosilábico é a normal nas voces patrimoniais, con posterior aférese de *e*.

LAXĀRE. Séc. X: *lexabimus* (Calas 75, ano 936). Séc. XI: *leixarunt* e *leixassent* (Calas 75, ano 1069)<sup>4</sup>. Sécs. XIII-XIV: *leixar* (CSM 58.68; LP 14.2; TC 115; CT 221; etc.), *leixar* (Camanzo 348, ano 1257; TC 92; GE 89; CT 422; HT 22; etc.), *leixo* (Maia 212, ano 1299), etc. / *lexou* (LP 120.41.30; Maia 222, ano 1302). Tamén *deixar* (LP 27.1.8), *deyje* (USC 231, ano 1351). Séc. XV: *leixa* (MS 115; TA 100), *leixou* (CI 91), *leixamos* (MS 205), etc.; tamén *deyxar* (Maia 121, ano 1475), *deixauan* (CI 46), *deixou* (LCP 66, ano 1432), *deixaron* (CI 46), etc. Grafías arcaicas coma *leisar* ou *leislar* (ano 1053?), *llecese* (ano 1069) ou *lexo* (ano 1101) (cf. TC: II, 758) deben de responder ó mesmo resultado [ej̃].

PRŌXĪMU. Séc. XV: *proximo* (Viv.2 768, ano 1435).

SAXU. Séc. X: *seixas* (Calas 72, ano 932?). Séc. XII: *sexas* (Calas 72, ano 1152) / *seixas* (Calas 72, ano 1169). Sécs. XIV-XV: *Seixo* (USC 95, ano 1330; USC 344, ano 1433; Viv.2 116, ano 1396), *Seixos* (TA 496; Viv.2 93, ano 1396), *Seyxo* (Maia 173, ano 1473; USC 34, ano 1315), *Xeixo* (USC 368, ano 1435: “Vilar de Xeixo”).

TAXĀRE. Sécs. XIV-XV: *taixei* (Vil. 195, ano 1389), *taixaçon* (Vil. 284, ano 1417; Sil 381, ano 1431), *tayxa* (Vil. 250, ano 1407), *taixe* (Vil. 284, ano 1417), *taixadas* (Vil. 284, ano 1417) / *taxaçon* (LCP 55, ano 1432).

<sup>4</sup> Hai tamén un *lixé* ‘leixe’ (Calas 75, ano 1097) en que, segundo Veiga Arias, “el diptongo [ei] aparece representado gráficamente por *i*, graffa que [...] es paralela a la de *u* para representar el diptongo [ou], en el caso de que no sea un temprano testimonio de monoptongación de [ei] en [i]”. Isto último paréceme moi improbable. Posible caso de <u> por [ow] é o de *Lusario* (Calas 172, sécs. X-XI).

TAXU. Séc. X: *Taxario* (Calas 69, anos 982-989). Sécs. X-XII: *Texero* (Calas 70). Séc. XI: *Teyxario* (Calas 70, ano 1037). Séc. XII: *Tasariu* (Calas 69, ano 1160)<sup>5</sup> / *Tayxario* (Calas 70, ano 1160), *Teyxeiro* (Calas 70, anos 1154, 1160), *Teixeiro* (Calas 70, ano 1134), *Teixeira* (Calas 70, ano 1188), *Texido* (Calas 69, ano 1162), *Texario* (Calas 70, ano 1157). Sécs. XIV-XVI: *Teixo* (TA 16), *Teixeiro* (Sinogal 32, ano 1447; Viv.1 99, ano 1450), *Teyxeira* (Maia 126, ano 1502; Maia 242, ano 1506), *Teyxeiro* (Vil. 437, ano 1472), *Teixido* (Maia 109, ano 1442)

A ambivalencia do grafema <x> na escrita medieval determina que a miúdo non poidamos estar seguros de como se pronunciarían distintas voces que o conteñen. Por unha parte, a súa filiación latina levaba a outorgarlle o mesmo valor representativo que tiña en latín, é dicir, o de /ks/; mais, por outra, empregado para grafar palabras patrimoniais que experimentaran os cambios fonéticos anteriormente referidos, asumía a representación da consoante románica /ʃ/. En palabras coma *Alexandre* ou *leixar* o uso de <x> estaba motivado etimoloxicamente, pero a aparición do ditongo decrecente [ej] nas dúas fai evidente que o valor do grafema nestes casos non podía se-lo latino, senón o románico. Os problemas de interpretación preséntanse cando o grafema <x> non vai precedido de ditongo decrecente: *Alexandre* (TC 465), por exemplo, podería corresponderse cunha lectura culta con /ks/, pero tamén cunha lectura románica con /ʃ/ e absorción da semiconsoante palatal ou mesmo cunha lectura /iʃ/ en que non houbo unha relación biunívoca entre o plano fonolóxico e o plano gráfico. Por todo isto, resulta extraordinariamente difícil determina-lo grao que chegou a atinxi-lo tratamento culto ou latinizante no caso de moitas das voces que se contemplarán neste artigo. En principio, coido que pode sosterse que, cando nun mesmo texto se observa que unha mesma palabra se escribe con <ix> e con <x>, resulta verosímil pensar que a grafía <x> se correspondería cunha lectura con /ʃ/ ou con /iʃ/: isto é o que acontece, por exemplo, con *Alexandre* e *Alexandre* na TC. En voces coma *auxilio*, *conexos* ou *proximo*, que entran tardiamente para satisfacer necesidades propias da prosa notarial, parece lóxico inclinarse por unha lectura “á latina” con /ks/, pero non me parece fóra de razón admitir que probablemente se poderían ler tamén, menos esmeradamente, con eliminación do /k/ implosivo do grupo. Así e todo, débese reparar no feito de que palabras deste mesmo estilo e de entrada igualmente tardía (*aneixar* / *anexar*, *taixar* / *taxar*) podían recibir un acomodo patrimonial explicitado graficamente, o que me fai sospeitar que ese acomodo tamén se podía producir cando a dita explicitación gráfica non se materializaba: *anexar* ou *taxar* poderíanse ler con /iʃ/ ou con /ʃ/.

<sup>5</sup> “En *Tasariu* es fácil ver un *Taxariu*, pero con *s*, que representaría la pronunciación de la *x* intervocálica latina, pues como consecuencia de la vocalización de la velar del grupo [ks] se habría perdido el hábito de la pronunciación del grupo completo y en consecuencia se reduciría a la segunda consonante, tal como sucede todavía hoy en gallego en los cultismos con *x* intervocálica: *e[ʃ]amen*. Claro que la posibilidad de que *s* en este testimonio represente la fricativa prepalatal sorda [...] no debe desecharse. En cualquier caso, *Tasariu* es un testimonio a favor de la vocalización de [k] y de la consiguiente formación del diptongo” (Calas 69-70).

Non encontrei ningún derivado directo do latín FLŪXU no corpus de textos medievais sobre os que traballei, pero Lorenzo (1968: 188) e Cunha rexistran o resultado *froixo* no *Livro de Falcoaria de Pero Menino* portugués (século XIV). Hai que advertir sobre a evidencia de estarmos ante unha voz de entrada tardía e non patrimonial (FL- non deu [tʃ-]) que, segundo Lorenzo (1968: 188), se incorporou a textos portugueses medievais e modernos con formas como *floxa*, *froxas*, *fluxo*, *froxo* ou, xa no século XVI, *frouxo*. Dedúcese destes datos que, aínda que con certeza esta voz se lería en determinados textos e contextos con /ks/, tamén houbo tendencia a acomoda-lo latinismo ós esquemas fonéticos das voces portuguesas patrimoniais, que esta tendencia podía conducir a cambia-lo grupo /ks/ en /iʃ/ (FLŪXU > *froixo*, e quizais a partir de aquí *froxo* con absorción do iode) e que do intercambio ditongal *oi / ou* se derivou o resultado *frouxo*, posteriormente consagrado no estándar. No galego actual tamén é *frouxo* a forma prescrita normativamente, pois o *floxo* e *froxo* do estilo informal (cf. García 1985: 369), aínda que teoricamente poderían ser solucións autóctonas, levantan fundadas sospeitas de estaren inducidos polo modelo castelán. O que si se encontra no corpus que eu seleccionei é o substantivo *froxel* ‘penuxe de ave para encher almofadas’ (CSM 371.46) ou *frouxel* (TC 614) (Lorenzo tamén rexistra *fruxel* e *froixel* en documentos de 1256 e 1272, respectivamente: cf. TC, II, 669); ora ben, coído que esta voz non se debe ter en conta neste estudio porque, aínda que a súa etimoloxía non está clara, semella ser un préstamo tomado do catalán *fluixell*, diminutivo de *fluix* ‘frouxo’ (< lat. FLŪXU) (cf. *Cor.-Pasc.*), de modo que no seu caso o grupo latino /ks/ xa chegaría transformado ata o noso romance.

Precedido de /u/, o iode resultante do debilitamento de /k/ implosivo debeuse de integrar na articulación palatal de /ʃ/ xa moi antigamente. Persoalmente, descoñezo posibles documentacións de casos de [ujʃ]. Soamente podó falar dun BŪXU > *buxo* presente na *Crónica Geral de Espanha de 1344* (cf. Lorenzo 1968: 50) e tamén, moito máis tarde, nun texto galego de mediados do século XVIII (Coloquio, 815.4). Ora ben, en *buxo* o /u/ tónico procedente de Ū move a postular unha fase \**buixo* en que o iode impediría a abertura do núcleo silábico.

As voces latinas que contiñan o prefixo ĒX- ou que comezaban coa secuencia ĒX- (co grupo /ks/ en posición intervocálica), presentan tamén unha evolución fonética regular ĒX- > *eix-* xa rexistrada nun texto latino de 1069 (*eixeunt*); mais moitas delas amosan tamén outra (*enx-*), que debeu de aparecer como alternativa ó se facer semanticamente opaca a secuencia fónica *eix-*. Non é infrecuente (e neste mesmo artigo encontrárase documentación que o proba) que en casos semellantes a este un mesmo lexema poida recibir máis de un prefixo sen que o seu significado mude: *destorvar / estorbar*, *aprender / depender*, etc. (cf. Ferreiro 1997: 69-70, 87); a miúdo estes prefixos alternantes son foneticamente semellantes, o que favorece o seu uso indiscriminado. Daquela, non é imposible que as palabras procedentes de voces latinas co prefixo ĒX- seguido de vocal representen casos de alternancia de prefixos distintos, pero, en ausencia de argumentos verdadeiramente sólidos, paréceme máis prudente

apuntar, como suxire Neira (1976: 313-314)<sup>6</sup>, que no devandito contexto fonético a evolución desfigurou de tal forma o prefixo latino que acabou rompendo na consciencia dos falantes a conexión entre a secuencia fónica romance e aquela en que esta tiña a súa orixe. Rota a súa motivación semántica e etimolóxica, a sílaba inicial destas palabras podía substituírse pola moi similar *en-* sen que isto resultase perturbador; neste cambio actuarían como modelo as moitas palabras galegas patrimoniais que empezaban por *en-*, pero para que isto se dese non era necesario para nada que a sílaba *en-* se interpretase como prefixo nin, por tanto, que se lle atribuíse ningún significado. En todo caso, o que si me parece seguro é que este cambio a *enx-* non se pode explicar en termos fonéticos: seguido de vocal, *ĒX-* puido dar foneticamente *eix-*, pero non *enx-* e, por outra parte, o paso de *eix-* (a *ex-*) a *enx-* tivo que se dar por substitución, non por evolución.

Por outra parte, ós posibles resultados *eix-* e *enx-* (<ĒX-) hai que lles engadir aínda tres máis: *ex-* débemolo considerar cultismo en principio gráfico, pois, sen desbota-la posibilidade de que nos estilos máis formais se lese /eks-/ , é probable que se correspondese a miúdo con lecturas que eliminarían o /k/ implosivo (/es-/ ) ou quizais tamén con lecturas con semiconsoante palatal na coda silábica e/ou consoante fricativa (prepalatal, apicoalveolar ou predorsodental) xorda (/eis-/ , /eif-/ , /es-/ ou /ef-/ : *eisento*, *eixento*, *esento* ou *exento*); *es-* (*esento*) representa explicitamente a eliminación de /k/ implosivo; e *is-* (*isento*) prodúcese como consecuencia dunha monotongación *ei-* > *i-* que, como logo veremos, non é rara nos textos medievais. Finalmente, creo que <exs-> e <excs-> serán simples variantes gráficas de <ex-> inducidas polas voces latinas que comezaban por *ĒXS-* ou por *ĒXC-*. Todos estes posibles tratamentos (*eix-*, *enx-*, *es-*, *is-*, *ex-*, *exs-*, *excs-*) aparecen aplicados ás voces relacionadas con EXEMPTU<sup>7</sup>. Vexamos:

EXALTĀRE. Sécs. XIV-XV: *enxaltar* (GE 228), *enxáltalos* (CT 641), *enxaltou* (GE 74), *enxaltado* (GE 150; CT 641, 722, 736), *enxaltada* (CT 668, 745; HT 373), *enxaltados*

<sup>6</sup> Segundo Neira (1976: 313-314), “el grupo interior /ks-/ + vocal se transforma en el nuevo fonema /ʃ/, que se articula en posición plosiva. Queda entonces en posición inicial de palabra una /e-/ , débil fonéticamente, rara en los esquemas silábicos habituales, y sin conexión ya con el contenido del ex- latino. Lo frecuente, por lo menos como tendencia inicial, fue el refuerzo de esta /e-/ mediante una /-n-/ [...]. Las explicaciones dadas ante estos hechos (acumulación de prefijos, creación de uno nuevo inx-; /-n-/ , como producto de una nasalización) no parecen aceptables. Pienso que no existe hoy en estas palabras, ni ha existido desde que se produjeron las alteraciones fonéticas señaladas, prefijo alguno. La débil /e-/ inicial se ha reforzado con una /n/ tomando como modelo los numerosos vocablos que tenían /en-/ como primera sílaba, pero sin contenido específico de ninguna clase”. Coido que as obxeccións que se lle poderían apoñer a esta explicación de Neira en los esquemas silábicos habituales” do galego medieval, de *ei-* non podería dicirse que fose rara como sílaba inicial) non teñen entidade suficiente para invalidala no fundamental.

<sup>7</sup> A alternancia *eix-* / *enx-* / *ex-* deuse tamén coa voz *eixeco* (sécs. XIII-XIV) / *enxeco* (desde o séc. XIII) / *execo* (séc. XIII) ‘contenda, loita, molestia, dificultade’, que non é latina senón procedente do ár. AŠ-ŠIQQ (cf. TC: II, 510).

- (CT 638, 744; HT 372), *enxaltãte* (GE 150), *enxaltamento* (CT 244), *ẽxaltamento* (CT 262), *enxaltada* (MS 103, 130, 144), *enxaltar* (MS 84, 144, 147).
- \*EXALTIĀRE. Sécs. XIII-XIV: *eixalçar* (CSM 169.55, 380.59), *eyxalçar* (LP 120.41.20), *eixalçado* (CSM 398.46), *eixalçada* (CSM 310.26), *eyxalçada* (TC 51; *enxaltada* A<sub>1</sub>) / *enxalçar* (CT 375) / *exalçastes* (TC 577), *exalçasse* (TC 561), *exalçada* (TC 892), *exalçados* (TC 892). Tamén os derivados *enxalçamento* (CT 249) e *exalçador* (TC 892). Segundo Lorenzo (TC: II, 616-617), *eixalçar* usouse nos séculos XIII e XIV, *enxalçar* no XIV e no XV e *exalçar* desde o XIV.
- EXĀMEN. Séc. XIII: *eixame* ‘colonia de abellas, enxame’ (CSM 211.31), *eixam*’ (CSM 211.45).
- EXAMINĀRE. Sécs. XIV-XV: *examinado* (Sil 379, ano 1431; Vil. 230, ano 1398), *examiney* (Vil. 310, “despois de 1427”), *examinaron* (Sil 398, ano 1463), *examine* (Vil. 229, ano 1397) / *examinar* (LCP 147, ano 1440).
- EX-ARTICULARE (cf. Lorenzo, in TC: II, 618). Sécs. XIII-XIV: *exertelladura* (TC 898).
- EXĒMPLU. Sécs. XIII-XIV: *eixẽplo* (TC 844), *eixẽplos* (TC 546, 549) / *emxemplo* (TC 805), *emxẽplo* (GE 51), *enxemplo* (GE 3, 228, 229), *enxẽplo* (GE 115. 205), *enxemplos* (GE 259), *enxẽplos* (GE 119) / *exemplo* (TC 344, 471, 814), *exemplos* (TC 344, 426)<sup>8</sup>. Séc. XV: *enxemplo* (CI 31), *enxẽplo* (MS 42, 85).
- EXEMPTIŌNE. Séc. XIII: *eyxeyçõ* (Maia 189, ano 1281). Séc. XIV: *eyxençoes* (Sil 332, ano 1391), *eyxençon* (Vil. 214, ano 1393). Séc. XV: *esençon* (Viv.2 780, ano 1435), *esençon* (Sinogal 332, ano 1439) / *exempçon* (Viv.1 65, ano 1407), *exsencion* (Viv.1 78, ano 1421), *exsençon* (Viv.1 82, ano 1422), *exsensoos* (Viv.1 127, ano 1478), *exsençõos* (LCP 227, ano 1461) / *excxençoos* (Viv.2 768, ano 1435).
- EXEMPTU. Séc. XV: *esento* (CI 76), *esentos* (CI 77, 78) / *ysenta* (USC 371, ano 1435; Vil. 274, ano 1415; Vil. 389, ano 1438; Vil. 390, ano 1438), *ysentamente* (Vil. 322, 328, ano 1429) / *exenpto* (CI 72), *exẽptos* (CI 71, 88), *exentas* (USC 381, ano 1436), *exentos* (USC 375, ano 1436; USC 404, ano 1439) / *exsento* (Vil. 236, ano 1403), *exsentos* (LCP 109, ano 1437; LCP 146, ano 1440; LCP 177, ano 1444; Sinogal 331, ano 1439; Sinogal 332, ano 1439), *exsuntamente* (Vil. 343, ano 1431). Tamén o derivado verbal *enxeptou*

<sup>8</sup> Segundo Lorenzo (TC: II, 619), *eyxedo* ‘exemplo’ (TC 49) pode se-lo resultado dunha confusión tal vez inducida por *eixeco* ‘contenda’; de feito, no manuscrito A<sub>1</sub> lese *enxemplo* nesta pasaxe. O mesmo autor (TC: II, 618) cre que as formas con *eix-* e con *enx-* non deben de pasar do século XV, pero o certo é que *enxemplo* aínda se le, polo menos, en textos dos séculos XVII, XVIII e XIX: *enxemplo* (séc. XVII: Tonel, vv. 13, 17; séc. XVIII: Coloquio, 88.3, 128.2, 222.2, 227.2, 284.4 -en *enxemplo* MS-, 324.2, 341.2, 358.4, 362.2, 387.2, 433.2, 482.4, 553.2, 710.4, 811.4, 819.2, 852.2, 1018.2, 1301.2; primeira metade do século XIX: cf. Mariño Paz 1991: I, 389), *enxemplos* (séc. XVIII: Coloquio, 569.4). Na obra do Padre Sarmiento (autor do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* e bo coñecedor da lingua medieval), e tal vez incluso no soneto de Gómez Tonel (1612), o uso destas formas podería obedecer a unha recuperación consciente de formas lidas en vellos pergamiños; en troques, isto mesmo seméllame moi improbable para os textos galegos das primeiras décadas do século XIX, onde o que prima é un galego popular minimamente elaborado.

(CI 93: “et por esto enxeptou totalos de altar mar”; na copia da Biblioteca do Palacio Real, *en semþço[u]*)<sup>9</sup>. Para o portugués *isento*, Cunha rexistra *eisento* no século XIII e *issentno* no XIV.

EXHĒRĒDĀRE. Sécs. XIII-XIV: *eixerdar* (CSM 353.14), *eixerdadus* (LP 94.15.37) / *enxerdados* (LP 114.6.18), *enxardou* (TC 63, nota 8, no ms. A<sub>1</sub>) / *exerdado* (LP 125.11.21), *exerdador* (Maia 133, ano 1281), *exardado* (TC 899). Séc. XV: *enxerdados* (MS 99), *enxerdar* (MS 6, 7). Segundo Lorenzo (TC: II, 617-618), lense en textos dos séculos XIII e XIV tanto as variantes con *enx-* ou *eix-* coma as que teñen *ex-*. Ademais, na Idade Media tamén se usou *des(h)erdar*, co prefixo *des-* (< lat. DĪS-) (cf. TC: II, 458-459).

EXĪRE. Séc. XI: *eixeunt* (Calas 75, ano 1069: “et ferit in aquas que eixeunt a portas de ambrona”). Sécs. XIII-XIV: *eyxe* ‘sae’ (Maia 79, ano 1286: “quomo se eyxe de Souto Uoado pella pena que chaman de Couello”), *eixidas* (LP 70.17; Maia 203, ano 1296), *eixido* (TC 584), (*Mar*) *Eyxente* (GE 63) / *exidos* (USC 56, ano 1324) / *yxidos* (Maia 74, ano 1278), *ixidos* (Maia 46, ano 1269), *yxidos* (USC 111, 112, ano 1331), *hyxidos* (USC 174, ano 1341). Séc. XV: *eixido* (LCP 102, ano 1436; 133, ano 1437), *eixidos* (USC 342, ano 1433; 353, ano 1434; 402, ano 1438) / *exidos* (Viv.2 768, ano 1435; Viv.2 777, ano 1435) / *enxjdo(s)* (AP 799, 804, etc.).

EXŌDU. Séc. XIV: *exodo* (GE 287).

No caso de *exulla* ‘ensulla, enxunlla’ (< lat. AXŪNGĪA) (TA 14, 15, 16, 17, 94, 97, 549) a sílaba inicial debeu de ser reinterpretada como realización do prefixo ĒX-.

Cando a secuencia latina inicial era ĒXS- e ía seguida de vocal, o grupo /ks/ quedaba de feito en posición intervocálica, xa que desde moi antigo o segmento /kss/ + *vocal* tivo que reducirse a /ks/ + *vocal* debido á esperable asimilación das dúas consoantes fricativas en contacto. De feito, as palabras latinas que empezaban por ĒXS- + *vocal* deron os mesmos resultados patrimoniais cás que empezaban por ĒX- + *vocal*, aínda que é certo que as solucións gráficas cultas (<exs(s)->, <ex->) teñen notable circulación á hora de poñer por escrito determinados tecnicismos propios da prosa notarial:

EXSECŪTŌRE. Sécs. XIII-XIV: *essecutores* (TC 765). Séc. XV: *executores* (LCP 159, ano 1442), *subexecutor* (Sinogal 108, ano 1441) / *exsequitor* ‘executor’ (Vil. 267, ano 1412; Vil. 268, ano 1412), *exsecutores* (Sinogal 332, ano 1439; Maia 101, ano 1414; Maia 106, ano 1414), *exssecutores* (Maia 106, ano 1414). Á parte destas, Lorenzo (TC: II, 599-600) ofrece documentación de diversas formas desde o século XIII: *executor(es)* (anos 1270, 1276, 1488, etc.), *exsecutores* (anos 1320, 1442 e 1457), *eysecutor* (ano 1437). Cunha ofrece documentación de *executor* (séc. XIII) e *emxuqutores* (séc. XVI).

<sup>9</sup> Debo advertir que hai casos en que podemos interpretar tanto *exención* coma *excepción*, de maneira que a adxudicación dun étimo ou outro a cada forma será discutible.

- EXSĒQUI. Séc. XV: *executar* (USC 325, ano 1432; LCP 152, ano 1440), *executasen* (LCP 152, ano 1440) / *exsecutar* (LCP 66, ano 1432; USC 310, ano 1432), *exsecute* (USC 310, ano 1432), *exsecutedes* (USC 310, ano 1432), *exsecutando* (Sinogal 327, ano 1431; USC 310, ano 1432). Tamén *execuçon* (Vil. 195, ano 1389) / *exsecuçon* (Sinogal 24, ano 1395), *exsecuçon* (USC 316, ano 1432), *exsecuçon* (USC 310, ano 1432; USC 314, ano 1432; USC 316, ano 1432, etc.; hai 32 documentacións); e *exsecutoria* (USC 309, ano 1432; USC 310, ano 1432; USC 314, ano 1432, etc.). Cunha ofrece documentacións de *executar* (séc. XV), *eijecutar* (séc. XV), *exsecutar* (séc. XV), *emxucutar* (séc. XV), etc.
- EXSEQUIAE. Séc. XV: *eysequas* (Vil. 421, ano 1459) / *esequias* (USC 325, ano 1432) / *exequas* (Vil. 412, ano 1455) / *exsequias* (USC 362, ano 1434; Maia 105, ano 1414), *exsequitas* (Maia 100, ano 1414).
- EXSĪLĪU. Séc. XIII: *eixillo* (CSM 328.7), *eixilla* (de *eixillar*) (CSM 19.38, 169.61).
- EXSŪCĀRE. Séc. XIV: *enxugauam* (GE 89), *enxugarã* (CT 416). Séc. XV: *exugar* (TA 348), *exugalo* (TA 20), *exugas* (TA 20), *exuge* (TA 544), *exugen* (TA 20), *exugao* (TA 96).
- EXSŪCTU. Séc. XIII: *eixuito* (CSM 112.50). Séc. XIV: *eyxuto* (TC 56). Séc. XV: *exuto* (TA 96, 99). Lorenzo (TC: II, 619) recolle documentacións de *enxouto* e *enxoyto* (ano 1262), *enxoyto* (ano 1427), *eixuito* (CSM, séc. XIII) e *exuto* (TA, séc. XV).

En terceiro lugar, acabouse igualando coa secuencia *ĔX-* + *vocal* a conformada por *ĔXC-* + *vocal* palatal. Neste contexto, a regular transformación /ksk/ > /ksts/ tivo que dar paso a /kss/ e /ks/, de modo que resulta natural que para estas voces se recollan nos nosos textos medievais, amais das esperables e abundantes solucións latinas (<exc->) ou latinizantes (<ex->, <exs->), non poucos testemuños con <eic->, <eis->, <eix->, <eç->, <enx-> ou <ens->:

- EXCELLĒNTE. Séc. XIV: *eixelĕnt* (CT 746). Séc. XV: *excelente* (Vil. 272, ano 1415). Lorenzo (1968:171) aduce outro caso portugués de *eiçellente* (ano 1433), un de *exçelente* (ano 1436) e outro de *excellente* no *Livro dos Oficios de Marco Tullio Ciceram* (anos 1433-1438).
- EXCEPTE. Sécs. XIII, XIV, XV: *exente* (cf. Huber) (Rocas 164, ano 1295: “exente arvores e verças”; Rocas 165, ano 1296; Yantar 148, ano 1427: “Exente o que ende a outro he aforado”) / *enxente* (Maia 232, ano 1325) / *eyxente* (Maia 153, ano 1315).
- EXCEPTIÖNE. Séc. XIII: *eiceiçon* (LP 30.34.2, 30.34.7, 30.34.13). Sécs. XIV, XV, XVI<sup>10</sup>: *eiseiçon* (USC 389, ano 1436), *eiseiçon* (USC 411, ano 1441) / *eixeçon* (USC 343, ano

<sup>10</sup> Paréceme posible, mesmo probable, que algúns notarios confundisen *excepción* con *exención*, dúas voces con evidente semellanza fonética e semántica. Considero máis probable que esteamos ante formas de *exención*, ou ante formas derivadas da confusión de *excepción* con *exención*, naqueles casos en que se dá consoante nasal na segunda sílaba: *eixençoes* (Vil. 168, ano 1379: “et todos outros dereitos et eixençoes et defençoes que por min podese alegar [ou outro por min] en juiso nen fora del”), *eixençon* (LCP 224, ano 1460: “e renunçio a toda eixençon que nunca ende diga o contrario”; USC 277, ano 1402: “et renunço a toda eixençon que nunca posa dizer nen alegar o contrario”; Vil. 177, ano 1381: “et renunço a toda ley et eixençon et dereito...”), *exençon* (Vil. 175, ano 1381; Vil. 248, ano 1407), *exençoes* (Vil. 218, ano 1393; Vil. 331, ano 1430), *exençom* (Vil. 181, ano 1381).

1433; USC 349, ano 1434), *eixeçon* (USC 263, ano 1390; USC 352, ano 1434; USC 400, ano 1438; USC 409, ano 1441), *eixeços* (USC 259, ano 1386), *eixepçon* (USC 375, ano 1436) / *eyçeþçon* (Sil 329, ano 1387), *eyceyçõ* (Maia 89, ano 1310), *eyciçon* (Sil 332, ano 1391) / *enseiçon* (USC 356, ano 1434), *ensençon* (USC 284, ano 1406) / *eçeição* (USC 386, ano 1436), *eçeþçoos* (Viv.2 776, ano 1435) / *exeçon* (USC 382, ano 1436; USC 404, ano 1439), *exeiçon* (USC 254, ano 1380; USC 256, ano 1382, USC 257, ano 1382; USC 371, ano 1435; USC 450, ano 1467; Vil. 152, ano 1377; Vil. 179, ano 1381), *exeyçoos* (Viv.1 125, ano 1477), *exepçoos* (Sil 380, ano 1431), *exepçon* (USC 120, ano 1332; USC 262, ano 1389), *exepçõos* (Lorenzo 1991: 362, ano 1466) / *eeçeþçon* (USC 291, ano 1416), *exçeþçon* (USC 135, ano 1333), *exçeþçion* (USC 226, ano 1351), *exçeþçion* (Viv.2 715, ano 1478?; Maia 127, ano 1502), *exçeþçõ* (Maia 53, ano 1333), *exçeþçõ* (Maia 58, ano 1351; Maia 227, ano 1317; Maia 244, ano 1506), *exçeþçom* (USC 107, ano 1330; USC 193, ano 1344; USC 212, ano 1349), *exçeþçon* (USC 26, ano 1308; USC 35, ano 1316, etc.; hai 127 ocorrencias: é, con moito, a forma máis documentada), *exçeþçon* (USC 24, ano 1301), *exçeþçoos* (USC 449, ano 1466), *exçeþçoos* (Viv.2 750, ano 1377), *exçeþçõês* (USC 162, ano 1338; USC 186, ano 1344), *exçeþçoos* (Viv.2 779, ano 1435), *exçeçon* (USC 230, ano 1351; USC 319, ano 1432), *exçeçõds* (USC 319, ano 1432), *exçeição* (USC 249, ano 1363; USC 273, ano 1401; USC 402, ano 1438; Vil. 146, ano 1369; Vil. 163, ano 1378; Vil. 170, ano 1380), *exceiçon* (USC 368, ano 1435; Vil. 180, ano 1381), *exçeýçon* (Vil. 282, ano 1417), *exçibçion* (Maia 66, ano 1515), *exçiçon* (USC 248, ano 1363), *exçeýçoos* (Vil. 200, ano 1390) / *exseiçom* (Vil. 215, ano 1393).

EXCESSU. Séc. XV: *excesos* (Sinogal 115, sen data; Viv.2 714, 1478?), *exçessos* (Sinogal 330, ano 1439).

De todo o que ata aquí levamos disto creo que pode derivarse, entre outras, a conclusión de que na nosa Baixa Idade Media era vigorosa a tendencia a acomodar ós moldes patrimoniais do galego as palabras latinas de introducción tardía, especialmente frecuentes na prosa notarial. Os reflexos galegos de ANNEXU, TAXARE, EXEMPTU, EXSECÛTÖRE, EXSEQUIAE, EXCELLËNTE ou EXCEPTIÖNE que neste traballo se recollen son boas mostras de como no devandito período estes latinismos se debatían entre o apego ós moldes latinos e a súa acomodación patrimonializante.

Tamén se documenta a solución [jʃ] como resultante do desenvolvemento histórico do grupo /ks/ secundario, seguramente nacido dun troco ou confusión sk / ks (cf. Nunes 1989: 134)<sup>11</sup>. Cómpre lembrar aquí que Grandgent (1991: 168-169) ofrece testemuños latinovulgares non só do cambio /sk/ > /ks/ (PRISCILLA > *Prixilla*), senón tamén de /ks/ > /sk/ (AXILLA > *ascella*, VIXIT > *vixit*). Os máis antigos rexistros galegos que coñezo para o

<sup>11</sup> Esta hipótese parécese máis simple e convincente cá de Lausberg (1976: I, 377-378): [sk] > \*[stʃ] > \*[tʃ] > [ʃ] > [j] con posterior desenvolvemento de [j] na sílaba anterior “en portugués y catalán”.

cambio /sk/ > \*/ks/ > /iʃ/ son incluso anteriores ós de /ks/ primario; datan do século IX, e, como inmediatamente explicarei, preséntanse tanto coa forma gráfica <eix> coma con <ex>:

- (PRUNA) DAMASCĒNA. Séc. IX: *amexenarias*<sup>12</sup> (860), *amexeneiras* (883), *meixidi* (897). Séc. X: *amexenarias* (905, 931, 945, 959), *amexenares* (950, 951, 963), *amexenales* (995), *ameixinares* (979), *ameisenares* (995), *amexinares* (996), *ameixenares* (997), *amexinales* (956), *ameixenales* (977), *meixide*. Séc. XII: *amexeneda* (1129), *mexide* (1157). Sécs. X-XII: *meixide*, *meyxede*. Séc. XV: *ameixenda* (USC, 366, ano 1434).
- FASCE. Sécs. XIII-XIV: *feixes* (CSM 315.21), *feixe* (LP 9.9.24). Séc. XV: *Feixeiro* (USC 285, ano 1407: “Johan Feixeiro”).
- MĪSCĒRE. Séc. XV: *meixendo* (TA 14, 97, 98, 457, 546), *meixao* (TA 19), *meyxeo* (TA 17), *meixudo* (TA 17).
- PĪSCE. Séc. XIII: *peixe* (LP 9.9.21), *peyx* (CSM 369.100, 369.103), *peixes* (CSM 339.46, 339.58, 339.65, 423.36), *peixota* (LP 120.17) / *pexe* (CSM 369.5, 369.89, 369.98) / *pixotas* (Maia 129, ano 1274). Séc. XIV: *peyx* (GE 135, 136, 138, 211), *peyxes* (GE 89, 91, 96, 176, 209) / *pixota*<sup>13</sup> (Maia 149, ano 1312), *pixotas* (Maia 231, ano 1322), *pixoteiro* (USC 252, ano 1378), *pixoteyra* (USC 88, ano 1328). Séc. XV: *peixes* (MS 80, 123) / *pixotas* (LCP 91, ano 1437), *pyxotas* (LCP 160; ano 1442), *pixoteyro* (AP 110, 886; ano 1457).

A documentación que aquí achego permite comprobar que xa nos textos medievais se encontran bastantes casos de absorción do iode de [ejj] ou [æjj] na consoante palatal, máis abundantes cando o ditongo era átono (*Alexandre, Alexandria, anexou, lexou, taxaçon*, etc.) e moito menos frecuentes cando era tónico (*anexos, pexe*). Esta absorción ten un inductor fonético indubidable na consoante palatal seguinte, pero tamén hai que recoñecer que a eliminación da semiconsoante conduce á implantación da “síllaba modelo” (*Consoante + Vocal*, sen ningún elemento despois do núcleo<sup>14</sup>. Isto mesmo cabe dicilo a propósito da monotongación /ei/ > /i/ en posición átona inicial de palabra: os casos *peixota* > *pixota* (se non se admite a hipótese de *Cor.-Pasc.*), *eixido* > *ixido* ou *eisento* > *isento* (rexistrados desde o século XIII, pero certamente máis antigos), etc. teñen o seu paralelo, por exemplo, en *AGNES* > *Einés* > *Inés* (cf. Nunes 1989: 79; Ferreiro 1995: 78). Por outra parte, cómpre extremár-

<sup>12</sup> As formas recollidas neste parágrafo están tiradas de Calas 76-77, coa única excepción da derradeira. Cando consta na dita fonte, indico entre parénteses o ano ou anos de cada rexistro.

<sup>13</sup> *Cor.-Pasc.* apuntan que *pixota* (castelán *pijota*) é probablemente un derivado de *pixa* ou *pissa* ‘pene’ (onde /’piʃ-/ sería onomatopea fundada no ruído da micción). En todo caso, admiten que, de ser así, *peixota* sería o resultado dunha etimoloxía popular inspirada en *peixe*.

<sup>14</sup> Hoxe *baxo*, *baxar*, *ca<sup>v</sup>a* ou *faixa* úsanse no canto das comúns *baixo*, *baixar*, *caixa* e *faixa* no galego oriental, especialmente polo leste de Lugo e mais en Asturias; sen embargo, na mesma área dise *feixe*, *madeixa* e *peixe* (cf. Fernández Rei 1990: 52-53). Podo citar un caso de *baxa* ‘baixa’ (Viv.2 764) nun documento producido nesta zona o ano 1435, pero tamén dous de *abaxo* (AP 1982, 2911) e dous de *baxo* (AP 1348, 1571) contidos nun texto notarial da zona de Rianxo (occidente da actual provincia da Coruña) que se escribiu no ano 1457.

mo-las cauteelas para na medida do posible distinguírmolas realidades fonéticas das realidades puramente gráficas. Quero dicir con isto que en rexistros arcaicos coma *Texero*, *Texario* ou *Texido* o grafema <e> podería estar representando un ditongo [ej] e non unha vocal [e], como semella suceder tamén noutros textos arcaicos coma a *Noticia de Torto* bracarense (ca. 1214) (cf. Castro 1991: 236-238). Trátase, como xa explicou Veiga Arias (cf. Calas 70-71, 133-139), de probables casos de contaminación entre formas latinas ou alatinadas (*Taxario*) e formas romances (*Teixeiro*). Estas formas contaminadas confirman a existencia do resultando románico [ejf] polo menos no século IX (caso dos derivados de DAMASCĒNA), mais é de supoñer que xa se coñecía anteriormente. O latinismo gráfico que en xeral gravita sobre toda a escritura medieval converte en posible a existencia de ditongos decrecentes ocultos tras formas gráficas coma as de *Alexandre* ou *anexos*.

## 2.2. O resultado fricativo xordo non palatal e o desenvolvemento de consoante fricativa palatal en determinados perfectos fortes.

Das raíces do tema de perfecto do verbo *trager* (moderno *traer*) que rexistrei na documentación revisada interésame pasarlles revista especialmente a *troux-* (a maioritaria, xa nas CSM) e mais a *troix-* (bastante estendida na TC e na CT, pero non recollida en textos do século XV). Evidentemente, o clásico TRAXĪ non se pode invocar para dar conta destes lexemas do tipo *tro(u)x-* ou *troix-*, pero si explica suficientemente as formas *traix-* (*traixen*, *traixera*, *traixese*) e, con absorción do iode, *trax-* (*traxen*, *traxera*), que no galego de hoxe rexistra o ALGa (mapas 386, 387, 391) e que deben de ter moita antigüidade no idioma: o superior prestixio que probablemente acadou *troux-* xa na época medieval dificultaría ou mesmo impediría o acceso á escrita a outras solucións tamén vivas daquela na fala, aínda que tal vez xa minoritarias (cf. Maia 1986: 846-849).

Desde hai xa máis de cen anos véñse afirmando que as solucións *tro(u)x-* dos romances ibéricos centro-occidentais esixen reconstruír un perfecto \*TRAXUĪ que resultaría dun antigo cruzamento do clásico TRAXĪ cun vulgar \*TRACUĪ formado por analoxía con perfectos coma JACŪĪ ou PLACŪĪ. A regular metátese da semiconsoante velar no presunto latinismo tardío \*TRAXUĪ e o esperable debilitamento e fricativización do /k/ implosivo do grupo /ks/ conducirían a un hipotético resultado \*[trawjs-], cunha coda silábica demasiado complexa, posto que na marxe posnuclear non é posible en galego, nin no actual nin no arcaico, a concatenación de dúas semiconsoantes. Creo que ante este problema unha solución fonética moi verosímil sería a consistente na eliminación da semiconsoante velar (\**trouis-* > \**trois-*), é dicir, un tipo de simplificación que durante o período medieval triunfou tamén en casos, se non iguais, si semellantes<sup>15</sup>:

<sup>15</sup> Sobre estes procesos cf. Veiga-Rodríguez (1982, 1986).

AUDĪRE > *ouír* > *oír*

AUDĪRE HABĒŌ > *ouirei* > *oirei*

LAUDĀRE > *\*louar* > *loar*

AMĀVĪT ĪLLUM > *amouo* > *amoo*

AMĀVĪT ĪLLAM > *amoua* > *amoa*.

Isto explicaría perfectamente os resultados coa raíz *troix-*, xa que a constitución da coda silábica anteriormente suposta deixaría o necesario elemento palatalizador da consoante fricativa apicoalveolar explosiva: \*TRAXUĪ > *\*trouise* > *\*troise* > *troixe*.

Pasemos agora a considera-lo caso da raíz *troux-*. Fundándose na devandita restricción para a coda silábica da hipotética secuencia \*[(trawjs-], Santamarina (1974: 44), que supón a existencia dun tema de perfecto latino \*TRAXU-, interpreta o /ʃ/ de *troux-* como tirado por analogía co que presentan os verbos que si o terían “etimoloxicamente”; na súa opinión, de \*TRAUX- habería que esperar non *troux-*, senón *trous-*, xa que cre que o desenvolvemento fonético normal impediría neste caso a aparición do iode, de modo que faltaría o necesario elemento palatalizador<sup>16</sup>. Na mesma páxina, Santamarina asígnalle ó galego *dix-* o étimo latino DĪCS- e afirma, a propósito dos diversos radicais do verbo *decir*, que son todos “fonéticamente regulares”. Sen embargo, creo que esta explicación bate cando menos cun problema que a min me parece insalvable.

Hai que ter en conta que a única raíz de verbo irregular que no galego medieval está documentada con /ʃ/ nas seis persoas do paradigma do perfecto de indicativo e en tódolos tempos tirados do tema de perfecto é precisamente a de *trager*: certamente, poden rexistrarse tamén outras solucións (nomeadamente, *trouv-*, analóxica do *ouv-* de *aver* e do *soub-* de *saber*), pero *troux-* é a maioritaria e aparece nos diversos casos posibles; con todo, teñen tamén consoante palatal *troix-* ou *trox-*<sup>17</sup>. En troques, *dix-* ou *dig-* (lat. DĪX-) só aparece consolidado na P1 do perfecto, mentres que os seus rexistros son infrecuentes na P3 e

<sup>16</sup> No conxunto da documentación medieval que eu explorei rexistrei este lexema unicamente en tres casos, todos do século XV: *trouso* (CI 49; Vil. 242, ano 1406), *trouser* (LCP 145, ano 1440). Hai que advertir que a edición da CI que manexei non ofrece fiabilidade para o estudo lingüístico, pero neste caso a lectura *trouso* confirmouma José Antón Souto Cabo, que ten xa preparada para a publicación unha nova edición desta *Crónica de Iria*.

<sup>17</sup> Soamente deixarei constancia dalgúns rexistros, tirados de textos de todo tipo e de tódalas épocas, desde o século XIII ata o século XVI. **Pretérito perfecto - P1:** *trouxe* (GE 46, 198; Maia 147, ano 1302; MS 3, 43), *trouxi* (TC 637), *troixe* (CT 491, 650, etc.), *troyxe* (CT 672); **P2:** *trouxéstenos* (TC 197); **P3:** *trouxe* (CSM 2.2, 2.12; TC 122, 253; CT 451, 494; HT 24; MS 135, 231), *trouxo* (GE 146, 180; CT 279, 280; HT 30, 86; MS 229; CI 44, 52, 66, 80, 85, 86; Maia 179, ano 1500; LCP 172, ano 1444), *trouxi* (TC 643, 649), *troixe* (CT 578), *troxe* (CSM 63.52, 64.68, 75.54), *trox'* (CSM 415.5). **P4:** *trouxemos* (CT 443). **P5:** *trouxestes* (HT 29). **P6:** *trouxeo* (TC 25, 54; GE 87, 175; CT 227, 250; MS 55, 71, 218). **Antepretérito:** *trouxeo* (TC 10, 654, 816; GE 200; CT 395, 469; MS 62, 191; CI 85). **Pretérito de subxuntivo:** *trouxeo* (TC 353), *troixesse* (TC 675, 677, 786), *trouxeo* (HT 148). **Futuro de subxuntivo:** *trouxeo* (TC 202), *trouxeo* (CT 255), *trouxeo* (TC 437). Cf. tamén Huber (1986: 244), TC (II: 1270-1272), CT (86, 123, 159) e Maia (1986: 842).

practicamente inexistentes nas restantes persoas e tempos do tema de perfecto: soamente podo mencionar un *dixerō* (Maia 193, ano 1287), aínda que xa, certamente, do século XIII<sup>18</sup>. Para *aduzer*, unicamente encontro *adux-* na P1 do pretérito perfecto de indicativo (*aduxe* < ADDŪXĪ, CSM 247.26; TC 128), mentres que nas restantes formas o lexema é sempre ou case sempre *adus(s)-* (cf. TC: II, 41-42)<sup>19</sup>. Afirmacións semellantes poden facerse respecto doutros perfectos en que a formación de /ʃ/ non se podería explicar a partir de /ks/ latino, e nos que ademais son moi frecuentes grafías coma <g>, <j> ou <i>, que en principio remiten a unha consoante sonora: *fig-*, *fij-* e *fix-* está moi asentado na P1 do pretérito perfecto de *fazer* polo menos desde o século XIII, pero no resto dos casos case non se encontra máis ca *fez-* (ou, raramente, *fiz-*); *maj-* (< MANSĪ, de *māer*, úsase na lírica profana pero só na devandita P1, pois nos restantes casos o lexema é *mas-*; e o mesmo sucede con *pug-*, *puj-*, *pui-* e *pux-* (de *pōer*) ou con *quig-*, *quij-* ou *quix-* (de *querer*), pois fóra da P1 do pretérito perfecto de indicativo o normal ou único (segundo os casos) son os lexemas *pos-* e *quis-*, respectivamente<sup>20</sup>. Obviamente, o cambio analóxico non se pode producir desde as formas minoritarias (e presumiblemente máis modernas) ata as maioritarias, de modo que haberá que considerar que, se houbo extensión analóxica, tivo que se-lo perfecto de *trager* o que exportou a consoante palatal ata os perfectos dos outros verbos, e non ó contrario.

Debémonos preguntar, entón, pola razón que poida explica-la maior antigüidade da raíz palatalizada no máis común dos temas de perfecto de *trager* e a súa notable maior xeneralización xa desde o momento en que aparece a escritura en romance galego, no século XIII. Xa anteriormente apuntei que na probable solución *\*trois-* si habería un evidente elemento palatalizador, e debo engadir agora que, a meu parecer, a consoante /ʃ/ de *trouxe* debeu de desenvolverse tanto baixo o influxo do /ʃ/ de *troixe* coma baixo o influxo do /ʃ/ de *\*treixe*, *traixe* ou *traxe* (< lat. clásico TRAXĪ), onde a fricativa prepalatal xorda era

<sup>18</sup> Indicarei tamén algúns rexistros: *dixe* < lat. DĪXĪ (GE 198, 236, 294; TC 193, 384, 620, 824, 870, 877; CT 241, 246, 317, 350, 384, 418, 476, 597, 634, 677; HT 34, 85, 130, 291), *dixi* < lat. DĪXĪ (TC 626); *dixeles* < lat. DĪXĪT (TC 17), *dixo* < lat. DĪXĪT (TC 36; dúas liñas máis abaixo lese o común *disso*). Para o dominio absoluto ou case absoluto de *dis(s)-* nas restantes formas, cf., por exemplo, TC (II: 483-487), CT (86, 123) e Maia (1986: 781-782).

<sup>19</sup> Piel (1989: 233) cita tamén un (el) *aduxo* para o que non menciona fonte.

<sup>20</sup> Velaquí algunhas documentacións de raíz palatalizada para a P1 do pretérito perfecto destes verbos: *Ffige* (Maia 132, ano 1281), *fige* (Maia 210 e 212, ano 1299; Maia 88, ano 1310; Maia 100, ano 1414; Camanzo 359, ano 1295; etc.), *figj* (Maia 197, ano 1289; Maia 218, ano 1301), *figy* (Maia 61, ano 1385), *fije* (Vil. 281, ano 1417; Vil. 358, 361, ano 1433; Vil. 364, ano 1434), *fijem* (Vil. 216, ano 1393), *fix* (Maia 71, ano 1258; Maia 46, ano 1268; Rocas 182, ano 1336; Rocas 183, 1339; Rocas 184, ano 1341; Rocas 184, 186, ano 1342; Rocas 187, ano 1343); *maj* (LP 147.8.7: “Hu eu maj” aquesta noyte, ouv’ y gran cēa”); *puge* (Maia 181, ano 1267; Maia 75, ano 1278; Maia 79, ano 1286; Maia 85, ano 1308; Maia 114, ano 1450; Rocas 162, 163, ano 1290; USC 23, ano 1306, etc.), *puie* (7 docs.: USC 53, ano 1324; Vil. 346, ano 1431; etc.), *pugi* (Maia 183, ano 1269; Maia 187, ano 1280; Maia 218, ano 1301; etc.), *pugy* (Maia 125, ano 1497; Maia 191, ano 1282; etc.); *quigi* (TC 547), *quige* (CT 359, 488; CT 309), *quie* (CT 359) e, no futuro de subxuntivo, *quixerms* e *quixerdes* (Maia 151, ano 1313). Cf. Huber (1986: 244-246), TC (II: s.v), CT (86, 123) e Maia (1986: 793-795, 804-805, 806-807).

perfectamente esperable e onde tivo que aparecer antigamente. Por tanto, o modelo *tro(u)xe*, que abrollou no espacio iberorrománico centro-occidental, probablemente o fixo como consecuencia dun duplo ou triplo estímulo analóxico: dunha banda, o exercido polos descendentes románicos de TRAXĪ e mais por *troixe*, que explicaría a presenza da consoante /ʃ/ no lexema; e, da outra, o exercido polos resultados románicos derivados de JACŪĪ, PLACŪĪ, SAPŪĪ ou HABŪĪ, que conduciría ó segmento vocálico /o(u)/. Segundo a convincente tese de Malkiel (1983), estas formas do pretérito de *trager* (xa románicas e non da latinidade tardía, pois están ausentes da Galorromania e da Itallorromania), apareceron xunto con outras como alternativa ó inusitado modelo morfolóxico propiciado para este verbo polo cambio fonolóxico regular, que produciu o resultado *-e(i)-* no tema de pretérito (*tre(i)xe*) e o resultado *-a-* no de presente (*trager*, *trago*):

Why should \*TRAXŪĪ have arisen -and thrived- in certain sections of Roman Spain, but have emerged, still less struck root, neither in Gaul nor in Italy? The old-time experts did not bother to raise, let alone to answer this -to us- rather obvious, not to say decisive, question. Now, if we argue that *tro(u)xe* sprouted in early Romance rather than in Late Antiquity, through a “switch” from *tre(i)xe* preeminently in areas favoring the inf. *trazer* (i.e., in territories offering the immediate model OPTg. *jazer – jouge, prazer – prouge*, also *saber – soube*, etc.; cf. OSp. *yazer – yogue, plazer – plogue*, also *saber – sope*, etc.), then a reason for such a “switch” becomes at long last apparent: It occurred as an alternative to the threatening change to phonologically regular *tre(i)xe* (or *trixe*), a shift which would have almost uniquely pitted preterital *-e(i)-* (or *-i-*) against infinitival and present tense *-a-*. What we are witnessing, then, is an attempt to escape -through the safety valve of analogy- from morphological isolation looming as a punishment for blind obedience to sound laws (Malkiel 1983: 119).

Outra solución que evitaría a mencionada anomalía morfolóxica de *trager - treixe* consistiría en evita-lo desenvolvemento fonético pleno da secuencia latina TRAX-, o que explicaría non só a rareza de *tre(i)x-* na lingua medieval do centro e o oeste da Península Ibérica<sup>21</sup>, senón tamén a conservación dos modelos *trax-* e *traix-* que se usan aínda hoxe en diversas falas galegas e, obviamente, o definitivo triunfo da solución *traxe > traje* en castelán. O resultado *tra(i)x-* é máis aceptable ca *tre(i)x-* porque presenta no tema de pretérito a mesma vocal que aparece no tema de presente (*-a-*).

<sup>21</sup> Hai que recordar que Nunes (1989: 334) mencionou a antiga existencia dun futuro de subxuntivo *treixer*, para o que non indicou fonte ningunha; por súa vez, este *treixer* fai supoñe-la existencia dun pretérito perfecto de indicativo *\*treixe* que se correspondería co castelán antigo *trexe* (cf. Piel 1989: 233) e mais co tamén castelán *trexo*, unha solución da que Lloyd (1993: 492) afirma que é “forma atestiguada, aunque rara”.

A seguinte dúbida que me parece preciso resolver é a de se *dix-* e *adux-* son tamén os resultados fonéticos regulares do latín *DĪX-* e do latín *ADDŪX-*. Se o fosen, creo que as solucións *dix-* e *adux-* deberían documentarse desde o século XIII nas seis persoas do pretérito perfecto de indicativo e en tódolos tempos do tema de perfecto; e algo, se non igual, si semellante, cabería esperar en caso de sostérmo-la hipótese de que *dix-* e *adux-* se desenvolveron por analoxía con *tra(i)x-* ou *troux-*. ¿Por que non é así e por que na documentación medieval *dix-* só está consolidada na P1 do pretérito perfecto de indicativo, mentres que nas restantes formas a raíz maioritaria ou única é *dis(s)-*? E, así mesmo, ¿por que só detectamos dous casos de *adux-* na P1 do pretérito perfecto de indicativo e para o resto das formas unicamente recollemos *adus(s)-*, que ademais tamén é posible na devandita P1? Coido que o único factor específico desta P1 que podería explica-la palatalización da consoante final da raíz é a presenza da vocal /i/ en posición átona final, e esta é de feito a explicación que tradicionalmente se veu dando para este cambio<sup>22</sup>. Hai que ter en conta que o *-i* < lat. *-Ī* desta P1 se mantivo na escrita medieval ata bastante tarde (en principio ata finais do século XIV, pero excepcionalmente pode aparecer incluso en textos do XV), mentres que todo parece indicar que o *-ĪT* da P3 do pretérito perfecto pasou moito antes a un *-e* que, por súa vez, tendería á apócope tras certas consoantes desde antes do século XIII; alternancias na vocal radical dos perfectos de indicativo comúns na lingua medieval coma as de (eu) *estive* / (el) *esteve*, (eu) *fiz* / (el) *fez*, (eu) *pude* / (el) *pode* ou (eu) *pus* / (el) *pos* fundaméntanse nunha permanencia do */-i/* < *-Ī* na P1 cando xa o *-ĪT* da P3 pasara a */-e/*: ese */-i/* actuou metafonicamente sobre a vocal radical das P1 (cf. Maia 1986: 521-523). O mesmo estímulo fonético (influencia de */-i/*) cabe supoñer nas palatalizacións que vemos en *magi* < *masi* < *MANSĪ*, *pugi* < *pus(i)* < *PŎSŪĪ* ou *quigi* < *quis(i)* < *\*QUĒSĪ* < *QUAESĪVĪ* (ou mesmo no de *figi* < *fiz(i)* < *FĒCĪ*, onde a regular desafricación da consoante /dz/ achandaríase o camiño para a palatalización). Desde a P1 do pretérito perfecto de indicativo, a raíz con consoante final palatal iríase estendendo ó resto das formas do tema de pretérito e seguramente o cambio consolidouse debido ás atraccións analóxicas que tiveron que establecerse entre os distintos verbos que nel estaban implicados. O predominio dos grafemas <g>, <j> ou <i> para escribir estes lexemas apunta cara a un resultado sonoro que sería natural por esta-la consoante palatalizada en posición intervocálica; a preferencia por <x> nos casos de *dix-* e *adux-* estaría etimoloxicamente condicionada; finalmente, o uso ocasional de <x> en *fix-*, *pux-* ou *quix-* explícase como reflexo da desonorización galega de /ʒ/.

Ora ben, se anteriormente afirmei que o resultado [(j)ʃ] é o desenvolvemento fonético regular no romance galego para o grupo latino /ks/ heterosilábico, ¿por que o nego agora para *DĪX-* e *ADDŪX-*? Recordemos, para comezar, que, se se admite que nos casos de *DĪX-* > *dix-* e *ADDŪX-* > *adux-* se produciu o regular desenvolvemento fonético do grupo /ks/, non se

<sup>22</sup> De par dela, non hai por qué ignora-la posible acción dalgún outro factor: por exemplo, que a vocal final destas P1 (e tamén da P3 do pretérito perfecto de indicativo) podía tornarse asilábica coa adición dunha vocal, o que abriría o camiño para a palatalización: *pusi-o* > *pusjo* > *pujo* > *puji* - *puje*, *pugi* - *puge* (cf. Santamarina 1974: 45).

pode explicar por qué ese cambio se circunscibiu ou tendeu a circunscribirse en principio á P1 do perfecto de indicativo. E pasemos agora a outras consideracións que afectan particularmente a cada un destes lexemas. Canto ó de DĪCĒRE, interviña no seu caso un factor de evidente relevancia: precedido de vocal /i/ na mesma sílaba, o /k/ implosivo, aínda debilitándose e fricativizando, encontraba unha restricción articulatoria que impedía a súa conversión en semiconsoante palatal, pois non sería posible unha sílaba \*[dij-]. Por conseguinte, faltaría no seu caso o necesario elemento palatalizador e creo que se equivocaron os distintos autores que ata o día de hoxe viñeron explicando *dix-* como resultado fonético regular de DĪX-. Os posibles testemuños que se poderían aducir en contra disto non me parecen seguros en absoluto. *Ulixas* < lat. ULYXES (do grego ODYSSEUS, con posible influencia do nome etrusco ULUXE) (CT 270, 533, etc.; HT 85, 92, etc.), *Ulyxas* (HT 353, 372), *Vlixas* (CT 270, 280, etc.; HT 15, 85, etc.) ou *Vlyxas* (CT 719; HT 86, 354, 370) é un nome que semella ter unha fonte exclusivamente libresca, o que me inclina a pensar que no seu caso ó grafema <x> corresponderíalle unha lectura con /ks/ ou, en todo caso, con /s/. *Lixa*, *lixo* (TC 584; TA 110, 111, 499) e *lixoso* (TC 446) / *lixosa* (TA 99) poida que garden relación co latín arcaico LĪXA ‘auga de lixivia’, tal vez confundido fonética e semanticamente cun LĪXA ‘servidor dun exército, cantineiro’ que na baixa época tomou o sentido de ‘vil’ e ‘luxurioso’, pero o certo é que a estas voces non se lles pode atribuír unha etimoloxía segura (cf. *Cor.-Pasc.*). Palabras coma o adxectivo *fixo* /‘fijo/ (< lat. FĪXU) e os seus derivados (*afixo*, *infixo*, *prefixo*, *sufixo*, *interfixo*) son de entrada moi tardía no idioma, de modo que a súa acomodación ó galego non chegou por vía patrimonial, senón máis ben inducida pola grafía <x> e polo exemplo exercido polo modelo castelán nun momento histórico en que este era xa a lingua da cultura en Galicia: mesmo é de notar que o portugués *fixo* e mailo catalán *fix* se pronuncian con /ks/ (cf. *Cor.-Pasc.*); exactamente o mesmo cómpre dicir de *prolixo* (< PRŌLIXU), con /s/ en galego. Por último, é manifesto que a consoante /s/ de *cornixa*, *lentixa* ou *pixa* non ten ningunha vinculación co grupo /ks/ latino.

De feito, como ben se sabe, a solución máis estendida para o lexema do tema de pretérito de *dizer* na nosa documentación medieval é *dis(s)-*. Igualmente, o reflexo do latín eclesiástico CRUCIFIXU nas *Cantigas de Santa María* é *crucifisso* (CSM 59.1), *crucifiss* (CSM 59.34, 59.70) e *crucifissos* (CSM 215.17), e apuntan no mesmo sentido o *croçooffiço* (Devanceiros 91) contido nun instrumento notarial redactado en Ribadavia (Ourense) en 1361 e o *cruçiçfio* (AP 2076) doutro texto notarial de 1457; pola súa parte, o *cruci(f)fixo* da portuguesa *Crónica Geral de Espanha de 1344* (cf. Lorenzo 1968: 97) débese interpretar sen dúbida como cultismo, ó igual có moderno *crucifixo*. De toda maneira, o resultado fricativo apicoalveolar xordo non aparece exclusivamente cando o grupo /ks/ viña precedido de /i/, pois tamén se rexistra despois de /e/ e despois de /u/:

ADDŪXĪ. Sécs. XIII-XIV: *adusse* (eu) (LP 2.23.2), *aduse* (el) (TC 473), *adusse* (el) (TC 66, 72, 814, 893), *aduso* (CT 671), *adusso* (CT 250, 280, etc.; USC 150, ano 1336),

*adussemos* (TC 198), *aduserō* (CT 540; HT 31, 90, etc.), *adussera* (CSM 154.37), *adusera* (TC 814; HT 31), *adusser* (LP 63.12.14; 114.9.8), *aduserdes* (CT 235), etc.  
 LUXŪRĪA. Séc. XIII: *lussuria* (CSM 111.18), *lussuriosa* (CSM 151.6).  
 SĚXAGĚSĪMU. Séc. XV: *sesagesimo* (CI 47), *sessagesimo* (CI 94).  
 SĚXĀGĪNTA. Sécs. XIII-XIV: *seseenta* (GE 29, 101, etc.; HT 10, 291), *seseēta* (TC 611; GE 29, 31, etc.), *saseenta* (TC 140, 611, etc.), *sesenta* (GE 29), *sseseenta* (GE 265), *sesaenta* (CT 559, 597, etc.), etc. Séc. XV: *saseēta* (MS 93, 169), *seseenta* (CI 39; LCP 224, 225, ano 1460), *seseēta* (MS 94).

Impóñense algunhas breves observacións a propósito destes datos. Verbo do tema de perfecto de *aduzer*, xa sinalei anteriormente que, fronte á norma representada polo lexema *adus(s)-*, só se alzan, no corpus que eu explorei, dúas excepcións con <x> na P1 do pretérito perfecto de indicativo: (eu) *aduxe* (CSM 247.26; TC 128). Ó meu modo de ver, sobre as transformacións DĪX- > *dis(s)-* e ADDŪX- > *adus(s)-*<sup>23</sup> gravitou a influencia analóxica doutros verbos que xa tiñan o perfecto rematado en -SĪ no latín clásico (ARSĪ > medieval *arsi*, *arseste*, *arse*, *arsera*, *arsesse*, *arser*, etc.; medieval e moderno *ardín*, *ardiches*, etc.<sup>24</sup>; MANSĪ > \*MASĪ > medieval *masi*, *magi*, etc., de *māer* < MANĒRE) ou que chegarían a telo no latín vulgar ou no protorromance (PÖSŪĪ > \*PÖSĪ > med. *pus(i)*, *puge*, etc.; PREHENDĪ > \*PREHENSĪ > \*PRENSĪ > med. *pris*, *prige*, etc.; QUAESĪVĪ > \*QUĚSĪ > *quis*, *quigi*, etc.) (sobre todos estes perfectos cf. Piel 1989: 233)<sup>25</sup>.

Para LUXŪRĪA a solución *luss-* (*lussuria*, *lussuriosa*) é minoritaria incluso no único texto en que se rexistra (as *Cantigas de Santa María*), pois o que nelas predomina é *lux-*, que é ademais o único resultado que atopei en textos dos séculos XIV e XV: *luxuria* (CSM 137.8; GE 97, 205, 210; HT 48; MS 91; CI 54, 86), *luxuri'* (CSM 137.12, 336.58), *luxurioso* (CSM 137.2, 151.2, 152.1, 152.8, 336.23; TC 225), *luxuriosa* (CSM 195.27), *luxuriosos* (GE 172). Na miña opinión, *luxuria* débese interpretar como cultismo, como forma de inspiración libresca, e por tanto haberá que lelo, en principio, con /ks/, e non con /ʃ/; os dous casos de *lussuria* das CSM son probablemente o reflexo gráfico dunha pronuncia relaxada ou non esmerada do cultismo. Finalmente, as formas do tipo de *sesagesimo* e *seseenta* ou *saseenta*, sen iode nin palatalización consonántica, son as únicas que se documentan na Idade Media.

<sup>23</sup> E tamén sobre EREXĪ > \*ERSĪ > med. *ersi* > med. e moderno *ergui(n)* (TC: II, 568-569), mais neste caso sumábase o factor de que a tendencia á sincopa da vocal postónica deixaba o grupo /ks/ en condicións idóneas para perde-lo seu primeiro elemento. Sobre *ersi* cf. Nunes (1989: 314, 325).

<sup>24</sup> O tema de perfecto con *ars-* recólleo Nunes (1989: 323); o regularizado *ard-* xa se le en textos do século XIII (cf. TC: II, 164).

<sup>25</sup> Conviría non esquecer tampouco algún outro caso coma o de SCRIPSĪ > \*SCRISSĪ (> italiano *scrissi*), que, aínda que en galego aparece substituído por un pretérito regular xa desde o século XIII (cf. TC: II, 579-560; Maia 1986: 783), puido ser utilizado en época protorromance e preliteraria. Téñase en conta, en apoio disto, que *escriso*, *escripso* e *escripse* si se documentan no castelán antigo, pero que xa no *Cantar de Mio Cid* se rexistra *escriuió* (cf. Lloyd 1993: 486, 580).

É suxestión corrente nos nosos manuais de gramática histórica a de que SĚXĀĜĪNTA non deu \**se(i)xenta* porque sobre este numeral exerceu a súa tutela analóxica SĚX > *seis* (Williams 1975: 141; Ferreiro 1995: 154); sobre o ordinal *sesagesimo* probablemente pesou máis a influencia de *seseenta* cá de *seis*.

En resumo, coido que os casos en que ó grupo latino /ks/ lle corresponde no galego medieval un reflexo con consoante fricativa xorda non prepalatal (probablemente apicoalveolar) deben explicarse de distintas maneiras:

1. No tema de perfecto dos verbos *aduzer* ou *dizer* actuaría a analoxía cos temas de perfecto dos verbos que remataban en -SĪ no latín clásico ou que chegarían a rematar en -SĪ secundariamente. Na P1 do perfecto de indicativo a vocal final /-i/ debeu de palatalizala consoante anterior en casos coma os de *aduzer*, *dizer*, *fazer*, *mãer*, *põer*, *prender* ou *querer*; desde aquí, o novo lexema iría tendendo a estenderse ás restantes formas tiradas do tema de perfecto.
2. No caso do tema de perfecto de *dizer* hai que valorar tamén que a presenza de /i/ como núcleo da primeira sílaba impoñería unha evidente barreira articulatoria á conversión de /k/ implosivo en semiconsoante palatal. Formas coma *crucifisso* amosan o tipo de transformación máis natural neste contexto fonético: unha asimilación regresiva (ks > ss), lóxica se pensamos que para as consoantes é máis forte a posición inicial de sílaba cá final e que os segmentos situados no ataque silábico teñen maior relevancia acústica e perceptiva ca aqueles que se sitúan na coda (cf. Ohala 1990).
3. En certos casos, a solución grafada <-ss-> sería o reflexo espontáneo dunha pronuncia relaxada (asimilada) do grupo /ks/ dos cultismos. Coido que esta é a explicación máis convincente para *lussuria* (fronte a *luxuria*).
4. Sobre o numeral cardinal *sasseenta* gravitaría a influencia de *seis*, e sobre o ordinal *sessagesimo* o de *sasseenta*.

En todos estes casos, a mudanza patrimonial conduciu a que sílabas en principio trabadas pola consoante implosiva /k/ acabasen transformadas en sílabas abertas, sen coda.

### 3. /KS/ HOMOSILÁBICO.

Como grupo homosilábico, /ks/ podía aparecer en latín asociado a outra consoante en posición interior (SĚXTUS) ou final de palabra (FALX), ou incluso asociado a outras dúas consoantes en posición interior (EXCREMĒNTUM, EXSTIRPĀRE); ademais, era bastante frecuente a súa ocorrencia sen se unir a ningunha outra consoante en posición final de palabra (NOX). En todos estes casos o grupo formaba parte da coda silábica e, como observamos no

inicio deste artigo, xa o latín vulgar amosou unha patente tendencia a elimina-la consoante oclusiva /k/ en tal distribución. Deste xeito, a pesar das prescricións en contra dos gramáticos, camiñábase cara á simplificación das marxes posnucleares dun considerable número de sílabas. O galego escrito durante a Idade Media dá cumprido testemuño da continuidade desta tendencia secular, pois no seu conxunto predomina, sen lugar a dúbidas, a representación explícita da eliminación da consoante /k/ que formaba parte do grupo /ks/ homosilábico. A escrita latinizante con <x> é nestes casos pouco frecuente, mais sen chegar, como veremos, á excepcionalidade ou á suma rareza.

### 3.1. Posición anteconsonántica.

Son tantos e tan constantes os testemuños da eliminación de /k/ cando o grupo /ks/ estaba en posición anteconsonántica que debo limitarme a ofrecer unha mínima selección; facer outra cousa supoñería incorrer nunha prolixidade totalmente innecesaria, máxime se se pensa que este cambio regular é sobradamente coñecido tanto para o galego medieval coma para outros romances. Como pode comprobarse, os exemplos proceden de textos de diversa índole e diversamente datados entre o século XIII e o XVI: *desde* < DĒ ĚX DĒ (desde o século XIV, cf. TC: II, 455), *destra* (< DĚXTRA) (GE 62, 177; TC 134, 291, 399, 417, 597, etc.; CT 330, 373, etc.; HT 11, 24, etc.; Maia 90, ano 1316), *escaecer* < \*EXCADESCĚRE (CSM 25.83, 25.180; LP 114.17.5, 114.17.11, 114.17.17), *escaecer* (MS 188-189, 205; TA 348), *escalfado* (TC 885) (dun lat. \*EXCALĚFĀRE, por EXCALĚFACĚRE, cf. TC: II, 571), *escauar* < EXCAVĀRE (Maia 150, ano 1313), *escauando* (CT 623), *escoller* < \*EXCOLĚĜĚRE (CSM 56.26; TC 81, 153, etc.), *escomoyon* < \*EX-COMMUNIŌNE (CSM 65.26; USC 270, ano 1399, etc.), *escomoyō* (TC 755; MS 194), *escusar* < EXCŪSĀRE (LP 120.52.22; MS 34, 52; LCP 64, ano 1432, etc.), *escusa* (USC 320, ano 1432), *escusador* (LCP 54, ano 1432; LCP 56, ano 1432; etc.; Sinogal 329, ano 1439; USC 28, ano 1382, etc.), *escusaçō* (MS 31), *espantar* < EXPĀVĚNTĀRE (CSM 47.2, etc.; TC 90, 109, etc.; CT 518; MS 32, 43; TA 395), *espeçar* (de EX- + \*PĚTTĪA) (CSM 236.14), *espresamente* (de EXPRESSU) (USC 249, ano 1363; Viv.2, ano 1435; AP 903), *estender* < EXTĚNDĚRE (CSM 248.26; LP 70.17.9; GE 253; TC 748; CT 399), *esterreçeu* (de \*EXTERRĚSCĚRE) (CSM 58.27), *estón* e *estonçe* < EX TUNCE (cf. TC, vol. 2, 558-560), *estranna* < EXTRĀNĚA (CSM 1.42, 49.30, etc), *estrāyo* (CSM 2.47, 25.17), *estrayo* (GE 21, 168, 171, 174, 287, 284; CT 221, 352, etc.; HT 26, 340), *esforçar* (de EX- + FŌRTĪA (TC 102, 193, etc.; CT 242, 244, etc.), *esforçado* (MS 141; TA 346, 501; CI 83), *mesto* < MĪXTU (LP 125.13.16), *mestura* < MĪXTŪRA (GE 183), *mesturar* (CSM 17.31; HT 145), *sesto* < SĚXTU (CSM 403.50, 418.33; TC 329; GE 7, 20; CT 321, 324; HT 133, 134; Maia 176, ano 1473; USC 338, ano 1433; etc), *stafeyra* ‘venres’ (Maia 56, ano 1344), *Sisto* < SĚXTU (USC 81, ano 1327; USC 198, ano 1345; USC 207, ano 1348; Vil. 175, ano 1381; Maia 104, ano 1414), etc.

Dá a impresión de que no caso de ĘX- ante consoante a transformación fonética experimentada (*es-*) non resultaba tan desfiguradora coma cando o prefixo estaba en posición antevocálica (*eix-*). Así e todo, hai un importante grupo de voces en que se observa que polo menos desde o século XIII o prefixo *es-*, tal vez xa improductivo, sufría a forte competencia de *des-* (< lat. DĪS- ou DĒ ĘX-), sen que a substitución de *es-* por *des-* supuxese mudanza de significado, que no fundamental era o de afastamento ou separación e, derivado deste, o de disgregación ou destrución: *escabeçar* e *descabeçar*<sup>26</sup>, *esmayar* e *desmayar*<sup>27</sup>, *espeçar* e *despeçar*<sup>28</sup>, *espedaçar* e *despedaçar*<sup>29</sup>, *espedir* e *despedir*<sup>30</sup>, *esperto* e *desperto*<sup>31</sup>, *espertar* e *despertar*, *esterrar* e *desterrar*<sup>32</sup>, *estoruar* e *destoruar*<sup>33</sup>. Cabe supoñer que en certas palabras xa resultarían semanticamente opacas para os falantes da Baixa Idade Media as secuencias iniciais *es-* ou *des-* (*esmayar* / *desmayar*, *espedir* / *despedir*, *espertar* / *despertar*, *estoruar* / *destoruar*), pero en todo caso cómpre chama-la atención sobre o feito de que o intercambio *es-* / *des-* non se daba nunca cando o prefixo tiña o valor de ‘acción contraria’ ou simple negación (*desfazer*, *desenparar*, etc.), para o que se usaba exclusivamente *des-* (cf. Neira 1976). Probablemente, a semellanza fonética uniuse á proximidade semántica como factor desencadeante desta histórica substitución, non consumada, de *es-* por *des-*.

Evidentemente, as voces latinas clásicas ĘLĪĜĚRE e ELECTĪŌNEM (que primitivamente tiñan ĘX- na sílaba inicial, como se dixo no primeiro epígrafe deste artigo) non se poden invocar para dar conta das medievais *esleer* (CSM 87.28; CT 477; CI 76),

- <sup>26</sup> Segundo Lorenzo (TC: II, 570-571), *escabeçar* documéntase desde o século XIII e *descabeçar* desde o XIV.
- <sup>27</sup> *Esmayado* (TC 643; CT 517; HT 368), *esmayados* (TC 646; CT 566), *esmayades* (HT 112) e outras formas de *esmayar* proceden do lat. vulg. EXMAGĀRE, a través do francés antigo ESMALLIER. Con cambio de prefixo saen *desmayar* (TC 863), *desmayedes* (TC 93, 111), *desmayado* (TC 92; *esmayado* A<sub>1</sub>), *desmayados* (TC 115, 146.) ou *desmayada* (TC 275), que se documentan desde o século XIII! (cf. TC: II, 460-461)
- <sup>28</sup> *Espeçar* (CSM 236.14), *espeçauã* (TC 536), *espeçeiados* (TC 752), *espeçados* (CT 371). Tamén con *des-* na CT, rematada en 1373: *despeçar* (CT 346), *despeçado* (CT 335), *despeçadas* (CT 514). Cf. TC: II, 590.
- <sup>29</sup> *Espedaçaron* (CSM 114.18), *espedaçar* (TC 483; CT 388, 413, etc.), *espedaçado* (CT 503, 569, etc.; HT 142, 276, etc.), *espedaçadas* (HT 122); no séc. XV, *espedaçou* (CI 65). Tamén con *des-* desde o séc. XIV: *despedaçar* (CT 353, 433, etc.; HT 192, 289, etc.), *despedaçado* (CT 734; HT 276, 283, 295, 351), *despedaçados* (CT 371, 514, 706, 283), *despedaçadas* (HT 122), etc. Cf. TC: II, 590-591.
- <sup>30</sup> *Espedir* (CSM 64.32), *espedirse* (TC 272, 633), *espidir* (TC 829), *espeço* (CSM 281.70, TC 824), *espedeuse* (CT 572, 635, 651), *spedyu* (CSM 5.49), *espidirō* (CT 391), *spedironse* (TC 650), *espidamos* (CT 503), etc.; no séc. XV, *espedirō* (MS 234). O moderno *despedir* aparece en castelán no séc. XIV e en portugués no séc. XV (cf. TC: II, 591; Cunha).
- <sup>31</sup> *Esperto* e *espertar*, *desperto* e *despertar* documéntanse desde o século XIII, nas CSM, e mantéñense en uso ata o día de hoxe (cf. TC: II, 591-592).
- <sup>32</sup> *Desterrar* documéntase desde o século XIII, e *esterrar* usouse entre o XIII e o XV (TC: II, 470-471).
- <sup>33</sup> A orixe destes verbos pode estar no lat. EXTŪRBĀRE, ou tal vez no lat. DĪSTŪRBĀRE. *Destoruar* usouse entre o XIII e o XV, e a moderna *estoruar* rexístrase desde o XIII (TC: II, 609-610); dos que aquí recollín, este é o único caso en que modernamente prevaleceu a forma con *es-*. Xunto ós anteriormente reseñados, convén mencionar tamén un caso coma o de *estroyr*, que aparece tanto en galego coma en portugués e castelán medievais ó lado dos maioritarios *destroyr* e *destruyr* < DESTRŪĚRE (cf. TC: II, 472-473): dá a impresión de que o intercambio *des-* / *es-* era bastante fluído sempre que o prefixo non tivese o significado de ‘acción contraria’ ou no caso de que xa atinxise para os falantes a opacidade semántica.

*esleerō* (TC 462), *esleerōno* (TC 454), *esleeria* (TC 451), *esleeriã* (TC 451), *eslea* (Maia 137, ano 1287), *esleesem* (TC 329), *esleessem* (TC 464), *esleyto* (Sil 290, ano 1278; TC 453, 455, etc.; CT 478; Rocas 173, ano 1313; Rocas 180, ano 1332), *esleito* (TC 459; Sinogal 103, ano 1394; CI 76, 77), *esleuda* (CSM 181.18, 196.45), *esleyçon* (CSM 87.51), *esleeçõ* (TC 451, 464; CT 478), *eslijçõ* (TC 455), *esleaçon* (CI 76), *esleedores* (TC 462), etc. É obvio que estes resultados, maioritarios na nosa documentación medieval e tamén coñecidos en castelán (cf. TC: II, 584-586), proceden de formas iniciadas co prefixo ĚX- ou, se cadra, xa derivadas co prefixo románico *es-*; coma en tantas outras ocasións, faise extraordinariamente difícil precisar se estamos ante o desenvolvemento fonético de voces latinas derivadas por prefixación ou ante casos de prefixacións efectuadas xa en fase románica.

Vista a rotunda regularidade con que se impuxo para o grupo /ks/ homosilábico + consoante a solución con eliminación de /k/, debemos buscar unha razón para a excepcionalidade dos numerais ordinais *seisto* (GE 230), *seysto* (GE 59, 60, 64, 94, 218, etc.), *seito* 'sexto' (TC 618), *seysta* (TC 399; GE 181; Vil. 379, ano 1435) e *seista* (MS 152), que se documentan entre os séculos XIII e XV cabo da esperable forma patrimonial *sestol-a* e do cultismo *sextol-a* (cf. TC: II, 1192). A explicación máis simple e natural que se ofrece é a analóxica, xa que o evidente vínculo semántico de *seis* con *sexto* provocaría espontaneamente o cambio *sesto* > *seisto*. Canto ós ordinais *sesmo* e *seismo*, para os que Pensado (1964) postulou razoablemente unha base latinovulgar SEXĪMU creada analoxicamente a partir do modelo ofrecido por DĚCĪMU, UNĚCĪMU ou DUODĚCĪMU, hai que dicir que, trala esperable síncopa da vocal postónica que deixaría o grupo /ks/ en posición anteconsonántica (\**sex'mu*), a solución patrimonial regular daría *sesmo*; creio, por tanto, que en *seismo*, coma en *seisto*, debemos ve-lo resultado da influencia analóxica exercida por *seis*. *Sesmo* e *seismo*, coma outros numerais ordinais posteriormente abandonados (*séstimo* e *seístimo*, *nóvimo* e *nóvemo*, *ónzemo*, *dózemo* e outros), deberon de ter notable vitalidade en galego entre os séculos XIII e XIV, pero a partir de entón irían quedando postergados ante o maior prestixio e extensión de que gozarían as formas directamente vinculadas coas do latín clásico (coma *sexto* ou *sesto*). Ó igual ca toda mudanza lingüística, este proceso de desaparición sería bastante máis lento có que pode facer supoñer unha lectura superficial e irreflexiva dos nosos textos, xa que as solucións condenadas, carentes de prestixio, dificilmente poderían aflorar á documentación escrita aínda que durante moito tempo permanecesen vivas na fala de determinadas comarcas ou en determinados rexistros; desde esta perspectiva, o illado *sesma* dun documento lugués redactado en data tan tardía coma 1497 (cf. Maia 1986: 722) apunta cara a unha demorada persistencia destes ordinais na fala ata bastante tempo despois de rarearen ou desapareceren na escrita.

Precisamente é o ordinal *sexta* a voz en que o recurso á grafía latinizante <x> é máis antigo e constante, pois rexístrase desde o século XIII e mantén ata o final do período medieval un elevado grao de presenza en diverso tipo de textos: *sexta* (ArT: 420.2; TC 292, GE 4, 32, etc.; USC 271, ano 1399; TA 345; CI 40, 53), *sexta* (GE 7, 23, 80, 265; CT 233; HT

131; USC 130, 132, ano 1333; USC 169, ano 1340; CI 40; Sinogal 317, ano 1415; USC 278, ano 1402; USC 316, ano 1432; etc), *sextadécima* (CT 544). Creo razoable conxecturar que esta opción gráfica non comportaba necesariamente unha lectura conservadora con /ks/, e de feito a evidente preferencia polas solucións *sesto*, *sesta* ó longo de todo o período e por parte de todo tipo de escribas aconsella pensar así. Esta preferencia por unha escrita máis fonética ca etimolóxica é aínda máis patente en casos coma os de *estranno* ou *estrayo*, *escusar*, *escomoion* ou *estremo*, pois é verdadeiramente excepcional o recurso ó grafema <x> que encontramos en *extraya* (Maia 41, ano 1262; Maia 212, ano 1299), *extraneos* (USC 413, ano 1441) ou *extranea* (ano 1259) / *extraneo* / *extranyo* (TC: II, 612), *excusador* (Vil. 368, ano 1435; Vil. 394, ano 1440), *excomoyon* (USC 271, ano 1399), *excomoion* (Sinogal 332, ano 1439), *excomoyon* (Sinogal 108, ano 1441) ou *extreme* (USC 278, ano 1402). No mesmo sentido cabe interpreta-la exclusividade con que se presenta a solución <es-> no caso de tres palabras que creo debemos considerar de introducción tardía e esixida polas necesidades derivadas do exercicio de tradución que fixo posible tres textos en prosa galega do século XIV: *esplanar* ‘explicar’ < EXPLĀNĀRE (GE 270), *esperimento* < EXPĒRĪMĒNTU (CT 285)<sup>34</sup> e o verbo *espōer*<sup>35</sup> < EXPŌNĒRE. Esta preferencia pola escrita foneticista, cando menos no caso que estamos a considerar, maniféstase tamén na excepcionalidade con que se rexistran ultracorrecións coma *extrepito* < lat. STRĒPĪTU (Viv.1 106, ano 1450).

Maior equilibrio semella haber no caso de certos latinismos que se introducen na prosa notarial dos séculos XIV e XV para satisfacer determinadas necesidades expresivas:

EXPENSAS (de EXPENDERE ‘gastar’). *Espensas* (Vil. 184, ano 1383), *spensas* (Vil. 184, ano 1383) / *expensa* (LCP 91, ano 1437), *expensas* (LCP 222, ano 1460; Viv.2 771, ano 1435).

EXPRĪMĒRE. *Espremidos* ‘expresados’ (USC 321, ano 1432) / *expremidos* ‘expresados’ (USC 316, ano 1432), *expriman* ‘expresen’ (Sinogal 35, ano 1448).

EXPRĒSSU. *Espresamente* (USC 249, ano 1363; Viv.2, ano 1435), *espresamēte* (AP 903, ano 1457), *espreso* (USC 316, ano 1432), *spresamente* (Vil. 161, ano 1378) / *expresadas* (Viv.2 767, ano 1435), *expresamente* (Sinogal 326, 329, ano 1431; USC 262, ano 1389; USC 346, ano 1433; Vil. 272, ano 1415; Vil. 282, ano 1417; Vil. 360, ano 1433; Viv.2 780, ano 1435), *espreso* (USC 321, ano 1432), *expressamente* (USC 153, ano 1336).

*Extraordinarios* (Viv.2 765, ano 1435) e *extravagante* (Sinogal 313, ano 1390; Viv.2 775, ano 1435; Viv.2 779, ano 1435) pódense catalogar da mesma maneira: son latinismos tardíos recollidos en textos notariais.

<sup>34</sup> Outros rexistros: *esperimētos* (GE 142), *espirimentos* (TC 109; CT 714), *espirimētos* (HT 352, 353), *espyrimentos* (HT 353), *espyramēto* (HT 40), *espiramētos* (HT 352), *spirimentos* (CT 714, 715). Segundo Lorenzo (TC: II, 593), é forma contaminada con *espirito*.

<sup>35</sup> Tódalas formas que teño documentadas pertencen á tradución da *General Estoria*: *espō* (GE 139), *espoē* (GE 67, 125), *espoedores* (GE 43, 48, etc.), *espōedores* (GE 25), *espoemētos* (GE 20, 127, etc.).

Considerados en conxunto os diversos datos ata aquí achegados, paréceme lícito concluír que na nosa escrita medieval prevaleceron as tendencias foneticistas sobre as etimoloxistas, cando menos no tocante á representación dos latinismos que tiñan orixinariamente <x>. A este respecto, a situación do galego non semella distinta da característica doutros romances ibéricos no mesmo período. Mais, mentres que no portugués ou no castelán se foron impondo para este tipo de voces as solucións etimoloxistas conforme se ían elaborando os seus respectivos estándares xa ó longo da Idade Moderna e a Idade Contemporánea, unha situación parecida e unha saída do mesmo estilo para estes e outros cultismos soamente se puido consolidar en galego na penúltima década do século XX (cf. Normas: 46-47). As razóns históricas que así o determinaron, hoxe xa ben coñecidas, non podemos expoñelas aquí.

### 3.2. Posición final de palabra.

No caso de SĚX a debilitación da consoante /k/ na coda silábica desembocou na súa conversión en semiconsoante palatal, pero, fronte ó que ocorreu en posición intervocálica con /ks/ heterosilábico, a posición implosiva da consoante fricativa apicoalveolar impediu a súa palatalización, pois faltaba o necesario apoio vocálico; así, *seys* e *seis* son comúns desde o século XIII. Resulta interesante a grafía latinizante *sex*, que se utilizou a miúdo tamén desde o século XIII: *sex* (Maia 75, ano 1278; TC 51, 53, 88; Rocas 197, ano 1351; USC 69, ano 1326; USC 78, ano 1327; etc.) e *ssex* (TC 33, 63), *sexçentas* (USC 144, 147, ano 1335; USC 165, ano 1339) (cf. tamén TC: II, 1199). Coma noutros casos xa tratados neste artigo, coido que o latinismo de *sex* está unicamente na súa forma gráfica, e non no seu previsible correlato fónico. Sobre todo, isto faise evidente na *Crónica Xeral Galega* (TC), onde amais de (*s*)*sex* lemos moi frecuentemente *rex* ‘reis’ (plural de *rei*) (TC 310, 505, 642, 658, 659, 662, 663, 667) e *rrex* (TC 231, 264, 284, 341, 425, 656, 668, 742, 744)<sup>36</sup>; xa que logo, podemos concluír que no dito texto a secuencia gráfica <-ex>, etimoloxicamente motivada no caso de *sex*, adquiriu gracias a esta correspondencia (SĚX > *seis*) o valor fónico de [-ejs], de modo que puido ser empregada tamén na representación dunha palabra coma *reis*, para a que lle faltaba toda “lexitimidade” etimolóxica.

Coido que o resultado patrimonial espontáneo a partir de \*SĚX ČĚNTŌS sería \**seixentos* (véxanse no punto 2.1 os casos de EXCELĚNTE, EXCEPTE e EXCEPTĪŌNE). Por tanto, hai que apelar á persistencia da consciencia da composición deste numeral entre a comunidade falante (*seis* + *centos*) para explica-la solución *seisçētos* (TC 596), *seiscentos* (CT 745), *seisçentos* (CT 475; CI 44; USC 295, ano 1422, etc), *seyscentos* (TC 471), *seysçentos* (TC 720; GE 32, 38, etc.). As formas *seyçētos* (TC 661), *seiçentos* (Vil. 211, ano

<sup>36</sup> Tamén se rexistran estas formas noutros textos: *rex* (MS 214), *rrex* (CT 567, 618; HT 134; MS 72, 80, etc. –moi común neste texto–).

1393; CI 36), *seycentos* (Maia 233, ano 1333) reflicten expresamente unha asimilación consonántica entre a consoante final de *seis* e a inicial de *çentos*.

En principio, tamén habería que considerar aquí o caso da preposición *des* (< DĒ ÆX), que se documenta desde o século X (cf. TC: II, 445). Mais, realmente, a súa posición non é nunca implosiva final, xa que esta preposición sempre forma grupo fónico coa primeira palabra da frase en que se integra: en posición intervocálica (*des oie dia endeante*, TC 626) ou anteconsoántica (*des mil anos a aco*, TC 654), ou con asimilación progresiva (*delo dia que esta vila vi*, TC 799). É posible que a solución *des* se formase inicialmente en posición anteconsonántica e que a partir de aí se estendese despois ó resto dos contextos, acabando así cunha hipotética distribución complementaria de variantes. Con *des* formáronse *desde* (documentada a partir do século XIV e chamada a ir desprazando a propia *des*, cf. TC: II, 455), *desi* (*des + i*, desde o século XIII, cf. TC: II, 459-460) e *desque* (desde o XIII, cf. TC: II, 467-468).

Ocasionalmente pódense rexistrar latinismos coma *Beatrix* (Rocas 171, ano 1313; USC 91, ano 1329; Vil. 203, ano 1391; Vil. 203, ano 1391), *crux* (TC 14, 54, 106, 112, 407; Maia 232, ano 1325; Vil. 335, ano 1431) e *dex* ‘dez’ (Maia 133, ano 1281).

#### 4. ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE A HISTORIA DAS ESTRUCTURAS SILÁBICAS DO GALEGO.

No traballo que eu citaba ó iniciar este artigo, Diego Catalán (1989) expoñía os trazos fundamentais da que para el fora, no eido da fonoloxía diacrónica, a “transformación estrutural máis importante de cuantas ha sufrido la lengua [española] después del período preliterario” (p. 78): a da súa estrutura silábica. O triunfo da síncopa de vocais átonas internas e da apócope dalgunhas vocais finais no período de orixes determinaría o asentamento dunha organización silábica con numerosas e variadas sílabas trabadas e, por conseguinte, con grande riqueza de consoantes e grupos consonánticos implosivos: *limbde*, *setmana*, *Lorenz*, *naf* ‘nave’, etc.<sup>37</sup>; manteríase este estado de cousas desde finais do século XI

<sup>37</sup> Con todo, coido que Catalán non expón datos estatísticos suficientes que apoién a súa opinión de que no castelán desta época non había, fronte ó que acontecería en latín e mais no castelán moderno, preferencia pola sílaba aberta: as listas de palabras que el ofrece non conteñen información sobre a procedencia xeográfica, localización temporal e tipoloxía textual dos documentos de que proceden, e ademais non se nos di nada sobre a súa frecuencia de aparición. Por tanto, paréceme xusta a crítica que a este respecto lle fixo Lloyd (1993: 329). Por outra parte, hoxe sabemos que cando un cambio fonético se pon en marcha, a norma innovadora debe contender durante un período de tempo máis ou menos prolongado coa conservadora. Non hai razóns para pensar que o caso da apócope de /-e/ no castelán primitivo constituíse neste particular unha excepción, pois, como o propio Lloyd (1993: 343) observa, durante un tempo tiveron que estar en pugna dúas normas rivais: “una que limita la apócope a los casos en que la /-e/ va precedida de consonante apical o predorsal, y otra que la extiende a todas las consonantes. La norma en los textos no es en absoluto monocolor”.

ata o século XIII ou, menos claramente xa, ata ben andado o XIV. Desde esta época en diante o idioma castelán comezaría a reduci-la importancia informativa da marxe implosiva da sílaba, de xeito que toda unha serie de acomodacións fonéticas ou morfolóxicas (*limbde* > *linde*, *setmana* > *semana*, *Lorenz* > *Lorenzo*, *naf* > *nave*, etc.) irían contribuíndo decisivamente a limita-lo número de fonemas consonánticos utilizables con valor distintivo en posición implosiva interior ou final de palabra; así, ó remata-la Idade Media o castelán só admitiría na marxe implosiva as consoantes grafadas <-n>, <-l>, <-r>, <-s>, <-z>, <-x> (moi rara) e <-d> e, se no curso posterior dos acontecementos <-x> (modernamente <-j>: *box* > *boj* ou *boje*) e <-d> conseguiron manterse como consoantes finais, foi sobre todo pola importancia que a escrita alcanzou modernamente como modelo para a pronunciación culta. Esta “tiranía” da expresión escrita e a preocupación pola dicción culta e correcta, desatadas sobre todo co academicismo propio do século XVIII<sup>38</sup>, alentaron entre as minorías cultivadas o prurito de pronuncia-las consoantes implosivas dos grupos consonánticos heterosilábicos dos préstamos latinos ou doutra procedencia; en principio a extensión da alfabetización e do consumo de bens culturais característica do século XIX e, sobre todo, do XX, espallaría entre a poboación esta innovadora norma de pronunciación, mais é preciso subliñar que, mesmo cando se esforza en evita-las pronuncias con eliminación da consoante implosiva (*coluna*, *dotor*, *ojetto*, *fútbol*), a maioría dos castelanfalantes de hoxe límitase a introducir no seu canto unha das consoantes implosivas tradicionais (*doztor*, *fúrbol*) ou unha consoante producida con escasísima tensión articulatoria (*objeto*, *colu<sup>na</sup>*). No español actual a tendencia a debilita-las consoantes finais de sílaba semella continuar progresando porque, a pesar de que <-s>, <-z>, <-r>, <-l> e <-n> aínda se manteñen en extensas áreas xeográficas, non son poucas nin pequenas aquelas outras que camiñan cara á implantación dun sistema con unicamente tres consoantes na marxe posnuclear da sílaba (unha sibilante, unha líquida e unha nasal) ou mesmo cara a sincretismos aínda máis avanzados.

Aínda que carezo na actualidade de estudos suficientes e suficientemente documentados sobre a materia, coído que esta visión da historia das estruturas silábicas do idioma castelán non se pode trasladar mecanicamente ó caso do galego. No estado actual dos meus/nosos coñecementos sobre a cuestión, eu atreveríame a establecer algúns contrastes entre unha historia e maila outra. En primeiro lugar, a apócope de vocais finais na época preliteraria non chegou a ter en galego as proporcións que alcanzou en castelán, de modo que no noso idioma os tipos posibles de sílaba trabada non alcanzarían nin a variedade nin a frecuencia que si alcanzaron no romance de Castela. Cómpre lembrar, para empezar, que no romance galego, coma no portugués, non houbo apócope de /-e/ despois da consoante /d/ non agrupada (*liberdade*, *parede*, etc.). De par disto, hai que chama-la atención especialmente sobre o feito de que a chamada “apócope extrema” distou moito de ter en galego e portugués

<sup>38</sup> Antes do século XVIII eran comúns no castelán escrito formas do estilo de *efeto*, *acetar*, *dino*, *ecelente*, etc. (cf. Penny 1991: 91-93; Lloyd 1993: 557-559).

a extensión e as proporcións de que gozou en catalán, aragonés e castelán; nos nosos textos medievais parece limitarse a ocorrer preferentemente en traducións do castelán (onde pode estar inducida pola fonte) ou en escasos instrumentos notariais, e ademais verificácase case unicamente cando deixa na marxe implosiva da sílaba a consoante /t/, precedida de vocal ou agrupada (*uerdat, durament, mort*, etc.)<sup>39</sup>; só casos minoritarios coma *duc* ‘duque’ ou *sabed*, presentes na *Crónica Troiana* (1373) escapan excepcionalmente a esta norma (cf. CT: 104, 145, 164; Maia 1986: 435, 524). Dedúcese de aquí que para o galego non podemos falar de reacción tardomedieval contra un previo aumento notable da frecuencia das sílabas trabadas (pois non parece que tal houbese), senón dun alto grao de continuidade respecto da situación anterior. Naturalmente, isto non quere dicir que durante a Idade Media non se fosen eliminando ou transformando por diferentes vías determinados grupos consonánticos heterosilábicos xerados secundariamente en posición interna (RECAPĪTĀRE > *recabedar* > *recabdar* > *recadar*, MĒMÖRĀRE > *memrar* > *lembrar*, SĒPTĪMĀNA > *setmana* > *semana*, AESTĪMĀRE > *estmar* > *esmar* > *osmar*, DŌMĪNA > *domna* > *donna* > *dona*, etc.) ou que non se fosen impondo asimilacións ou disimilacións que modificaban certos grupos reconducíndoos ata modelos silábicos aceptables (CŌMĪTĀTU > *comdado* > *condado*, ANĪMA > *anna* > *alma*, etc.). De toda maneira, tampouco en posición interior os grupos heterosilábicos secundarios chegaron a ser no galego medieval tan variados coma en castelán, pois a síncopa de vocais pretónicas e postónicas internas, ás veces evitada pola caída previa de /-n-/ ou /-l-/ intervocálicos, non tivo no noso idioma o alcance que si experimentou no castelán ou noutras variedades románicas: NŌMĪNĀRE > *nomēar* > *nomear*, BĪBĪTU > *béuedo*, NATĪCA > *nádega*, etc. Daquela, ó finaliza-la Idade Media o galego admitiría como consoantes posibles na marxe silábica posnuclear das súas voces patrimoniais as grafadas con <-l>, <-r>, <-s>, <-z> ou <-n><sup>40</sup>. Así mesmo, xa se coñecían entón plurais do tipo *cans* (de CANES > *cāes* > *cāas* > *cās*) ou *razóns* (de RATĪŌNES > *razōes* > *razōos* > *razōs*), de modo que, cando menos en certas variedades diatópicas, as palabras patrimoniais tamén podían presentar unha coda silábica con <-ns>; probas documentais de que isto era así subministróunolas Maia (1986: 507, 607), que en instrumentos notariais dos séculos XIII, XIV, XV e XVI rexistrou os plurais *beens* (Monterrei, ano 1292; Pontevedra, ano 1506), *bens* (Tebra, ano 1296; Monfero, ano 1367), *condiçons* (Lourenzá, ano 1453), *condiçõons* (Pontevedra, ano 1506) e *sazõons* (Pontevedra, ano 1506)<sup>41</sup>; e o mesmo tipo de testemuños aparece con frecuencia na documentación notarial do mosteiro de Montederramo, onde a

<sup>39</sup> Abundando nesta idea da excepcionalidade da apócope extrema en galego, Ramón Lorenzo indicoume en comunicación persoal que formas manuscritas coma *adeat* cun trazo situado sobre as letras <a> e <t> poderían realmente corresponder tanto a *adeant* coma a *adeante*.

<sup>40</sup> Esta última tamén se podía representar con <-m> ou cun til de nasalidade sobre a vocal precedente (*leon* = *leom*, *leō*).

<sup>41</sup> En todos estes casos a consoante <n> do grupo <ns> non aparece abreviada no manuscrito.

forma máis antiga rematada en <-ns> que eu podo mencionar é de 1302<sup>42</sup>: *beens* (anos 1302, 1308, 1311, 1319, 1321, 1331, 1445, 1502, 1510), *bēens* (anos 1322, 1436), *bens* (anos 1323, 1413, 1505), *bēns* (ano 1344), *choupijns* (ano 1328), *condiçoens* (ano 1344), *condiçóns* (anos 1323, 1327, 1347, 1510), *condiçõns* (ano 1510), *condiçións* (ano 1504), *jurdiçións* (ano 1504), *Miguéns* (ano 1333), *oraçóns* (ano 1327), *oraçoons* (ano 1339), *paens* (ano 1340), *veens* ‘bens’ (ano 1504), *vēens* ‘bens’ (ano 1450).

Evidentemente, a preocupación pola pronunciación correcta nacida co academicismo dezaoitesco non puido operar sobre un idioma galego que, falto practicamente para todos de todo referente culto ou da posibilidade de se desenvolver como digno medio de expresión oficial e cultural, subsistía daquela refuxiado na expresión oral dun pobo na súa inmensa maioría analfabeto. Non puido haber, por conseguinte, minorías cultivadas preocupadas por pronunciar en galego as consoantes implosivas dos grupos consonánticos heterosilábicos dos cultismos ou doutro tipo de préstamos, de xeito que é natural que ó final do século XVIII o Padre Sobreira (1979: 3, 42-43) dixese que no galego do seu tempo se pronunciaba *ausolución* e non *absolución*, ou ben *aución*, *ayción* ou *ación*, pero non *acción*. A actitude diferencialista respecto do castelán que, con maior ou menor firmeza, animou o traballo de case tódolos escritores galegos dos séculos XIX e XX conduciu ó rexeitamento case xeneralizado deste tipo de grupos consonánticos, ora eliminando a súa consoante implosiva (*ésito*, *espreseón*, *susistencia*, etc.) ou polo menos unha delas (*costitución*, *istramento*, etc.), ora transformándoa en semiconsoante palatal ou velar (*éisito*, *eispreseón*, *eleución*, etc.), ora introducindo unha vocal epentética (*adeministrar*, etc.), ora por outros procedementos (*iñorar*, etc.). Logo da recente entrada do galego no vieiro da estandarización, advírtese xa unha boa disposición á pronuncia efectiva destes grupos consonánticos nos cultismos e voces estranxeiras, aínda que se recomende non marcar demasiado a pronuncia da consoante implosiva nos rexistros formais e se recoñeza que no estilo coloquial ou informal hai unha tendencia evidente a adaptar estas palabras ás estruturas silábicas propias do léxico patrimonial: así, por exemplo, escribírase *defecto* ou *fútbol* e nunha dicción esmerada manterase unha pronuncia máis ou menos tensa das consoantes /k/ e /t/ implosivas destas palabras, mais nun rexistro informal hoxe impóñense incuestionablemente as realizacións [defeto] e [fútbol] e mesmo se coñecen solucións coma *defeuto*, cada vez máis estigmatizadas como vulgares (cf. Normas: 40-53; Regueira 1998: 73-77).

Así as cousas, no actual estándar galego son posibles na marxe posnuclear das sílabas das voces patrimoniais as consoantes grafadas con <-s>, <-z>, <-r>, <-l>, <-n> e o grupo consonántico homosilábico <-ns>, e no estilo coloquial hai unha tendencia evidente a aplicarlles esta mesma norma ás sílabas dos cultismos. Sen embargo, nos falares galegos

<sup>42</sup> Estes datos tirados dos instrumentos notariais do mosteiro de Montederramo facilitoumos xentilmente Ramón Lorenzo, autor dunha edición deles de próxima publicación. Unicamente cito formas en que o <n> do grupo <ns> non aparece abreviado no manuscrito.

occidentais as posibilidades combinatorias de consoantes ou grupos consonánticos na marxe posnuclear da sílaba son menos, xa que neles se dá o chamado “seseo implosivo” (cf. Fernández Rei 1990: 54-56)<sup>43</sup>; nestes falares, por tanto, non aparecerá nunca <-z>, senón, non canto del, <-s>: *rapás, vellés, feitos, pés*, etc. Por outra parte, nas falas en que se dá aspiración do [-s] implosivo (occidente da provincia da Coruña, Val Miñor pontevedrés, Val de Verín, Ancares de León e terras chairegas de Vilalba) (cf. Fernández Rei 1990: 57) camíñase cara á debilitación da marxe consonántica implosiva e, por conseguinte, cara a un aumento proporcional do número de sílabas abertas posibles; segundo Costas González (1994: 301), en falas do Val Miñor este proceso xa está consumado en unidades lexicais coma *torremo* (*torresmo* > *torrehmo* > *torre<sup>h</sup>mo* > *torremo*) ou en certas formas pronominais. Impera a mesma tendencia simplificadora na zona interior da provincia de Ourense prolongada por pequenas áreas limítrofes das de Lugo, León e Zamora en que non é posible [-θ] na marxe posnuclear da sílaba, de modo que no canto del aparece normalmente [-s] en sílaba interior e ‘cero’ en sílaba final de palabra: *tisnar / rapá* ‘rapaz’, *cru* ‘cruz’, *de* ‘dez’ (cf. Costas González 1994: 270-271); ademais, nestas terras non se empregan plurais rematados en <-ns> (*cans*), senón en <-s> (*cas*) ou en <-is> (*cais*). Finalmente, na lingua oral popular está moi estendida a paragoxe de /-e/ tras consoante vibrante (*amare, calore*), mais tamén é frecuente tralas consoantes /l/ (*animale, sole*), /ɲ/ (*nonhe* ‘non’, *corazonhe*), /s/ (*Luíse, maise* ‘máis’), e /θ/ (*noce* ‘noz’) e tras ditongo decrecente (*eue* ‘eu’, *mamai* > *mamaie*); é obvio que isto significa que nos rexistros populares, alleos ás prescricións cultistas, a tendencia á formación de sílabas abertas encontra na paragoxe un recurso extraordinariamente productivo.

Desta brevísima exposición (evidentemente incompleta, matizable e falta do necesario apoio documental, pero creo que válida como simple aproximación á cuestión) parece concluírse que ó longo da súa historia o galego mostrou sempre unha preferencia moi clara pola sílaba aberta ou, cando menos, polas sílabas que non teñen na súa marxe posnuclear determinadas consoantes, entre as que aquí me interesa salienta-las oclusivas. Salvando matices que me parece non alteran o substancial, o galego concorda nesta tendencia co que semella ser unha preferencia pola sílaba libre propia do conxunto dos idiomas románicos (cf. Posner 1998: 354) ou, en todo caso -se isto último non se acepta-, co inequívoco proceso diacrónico que conduce cara ó debilitamento da coda nas estruturas silábicas das variedades lingüísticas neolatinas (cf. Marotta 1998: 448).

<sup>43</sup> En troques, alí onde se dá, xunto co seseo implosivo, a palatalización do [-s] (*as casax* ‘as casas’) -esporadicamente na maior parte dos lugares, case sistematicamente nalgún punto da península do Morrazo (cf. Fernández Rei 1990: 56)-, serán posibles na marxe implosiva da sílaba as consoantes grafadas con <-s>, <-x>, <-l>, <-r> e <-n> e mailo grupo consonántico <-ns>. Obviamente, ó afirmar isto dou por suposto que, salvo casos excepcionais, este tipo de falas non se utilizan en contextos formalizados que esixan a pronuncia esmerada dos “grupos cultos” dos cultismos e estranxeirismos.

**BIBLIOGRAFÍA**

- ALGa: Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- AP: F. R. Tato Plaza (1994): *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Reproducción en microficha: Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
- ArT: J.-M. d'Heur (1975): "L'Art de Trouver du Chansonnier Colocci-Brancuti", in *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII<sup>e</sup>-XIV<sup>e</sup> siècles)*. Contribution a l'étude du "Corpus des Troubadours". [Liège], pp. 100-147.
- Bassols de Climent, M. (1983): *Fonética latina*. Con un apéndice sobre Fonemática latina por Sebastián Mariner Bigorra. 6<sup>a</sup> reimpr. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas; 1<sup>a</sup> ed.: 1962.
- Calas: A. Veiga Arias (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Vigo: Galaxia.
- Camanzo: M. Lucas Álvarez (1978): *El monasterio de San Salvador de Camanzo*. Separata de *Archivos Leoneses*. León: CSIC.
- Castro, I. (1991): *Curso de História da Língua Portuguesa*. Colaboração de: Rita Marquilhas e J. Léon Acosta. Lisboa: Universidade Aberta.
- Catalán, D. (1989): "En torno a la estructura silábica del español de ayer y del español de mañana", in *El español. Orígenes de su diversidad*. Madrid: Paraninfo, pp. 77-104. Publicado inicialmente en E. Coseriu / W.-D. Stempel (eds.) (1971): *Sprache und Geschichte. Festschrift für H. Meier*. München: Fink-Verlag, pp. 78-110.
- CI: J. Carro García (1951): *Corónica de Santa María de Iria (Códice gallego del siglo XV)*. Edición, prólogo, notas y glosario de Jesús Carro García. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- Coloquio: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vintecatroy galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- Cor.-Pasc.: Corominas, J. / J. A. Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos [ vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- Costas González, X. H. (1994): *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudio das sibilantes galegas*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- CSM: W. Mettmann (1959-1972) (ed.): *Afonso X O Sábido: Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Universidade, 1959 / 1961 / 1964 / 1972. Ed. facsímil, 2 vols.: Vigo: Xerais, 1981.
- CT: R. Lorenzo (1985): *Crónica Troiana*. Introducción e texto. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

- Cunha, A. Geraldo da (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira; 1ª ed.: 1982.
- Devanceiros: X. Ferro Couselo (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia. Ed. facsímil: Vigo, Galaxia, 1996.
- Devine, A. M. / L. D. Stephens (1977): *Two studies in Latin phonology. I: The Latin labiovelars; II: The Latin consonant clusters*. Saratoga: Anna Libri.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba, Anuario Galego de Filoloxía*. Universidade de Santiago de Compostela.
- GE: R. Martínez López (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV (Ms. O. I. I. del Escorial)*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de Ramón Martínez-López. Universidad de Oviedo.
- Grandgent, C. H. (1991): *Introducción al latín vulgar*. 5ª ed. Madrid: CSIC.
- HT: K. M. Parker (1975): *Historia Troyana*. Edición e introducción de Kelvin M. Parker. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Tivéronse en conta as correccións que a esta edición lle fixo R. Lorenzo (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba* 9, pp. 253-290.
- Huber, J. (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian. Ed. orixinal: *Altportugiesisches Elementarbuch*. Heidelberg: Carl Winter Universitätsbuchlandlung, 1933.
- Lausberg, H. (1976): *Lingüística románica*. 2 vols. Madrid: Gredos. Ed. orixinal: *Romanische Sprachwissenschaft*. Berlín: Walter de Gruyter, 1963.
- LCP: A. Rodríguez González (ed.) (1989): *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- Lloyd, P. M. (1970): “A note on Latin syllable structure”, *Classical Philology* 65, pp. 41-42.
- Lloyd, P. M. (1993): *Del latín al español. I. Fonología y morfología históricas de la lengua española*. Madrid: Gredos. Ed. orixinal: *From Latin to Spanish*. Vol. I: *Historical phonology and morphology of the Spanish language*. Philadelphia: American Philosophical Society, 1987.
- Lorenzo, R. (1968): *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português (Anotações ao Dicionário etimológico de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo, R. (1991): “Un documento galego de 1466”, in M. Brea / F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 2, pp. 361-386.

- LP: M. Brea (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievas, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Maia: C. de Azevedo Maia (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Malkiel, Y. (1983): "Range of variation as a clue to dating", in *From particular to general linguistics: selected essays (1965-1978)*. Amsterdam: John Benjamins, pp. 87-125.
- Mariño Paz, R. (1991): *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego (1805-1837)*. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.
- Mariño Paz, R. (1998): "Unha cala no tratamento dos grupos consonánticos heterosilábicos iniciados por /b/ no galego medieval e no galego medio", in M. A. Mota / R. Marquilha (1998): *Actas do XIII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Lisboa, 1997)*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, vol. 2, pp. 31-44.
- Mariño Paz, R. (1999): "O tratamento do grupo consonántico heterosilábico /kt/ no galego medieval", in A. C. Macário Lopes / C. Martins (eds.): *Actas do XIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Aveiro, 1998)*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística.
- Marotta, G. (1998): "Proposte per l'interpretazione del cambiamento fonologico in area romanza", in G. Ruffino (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Centro di studi filologici e linguistici siciliani, Università di Palermo, 18-24 settembre 1995)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, vol. 1, pp. 439-454.
- MS: J. L. Pensado (1958): *Miragres de Santiago*. Edición y estudio. Anejo 58 da *Revista de Filología Española*. Madrid.
- Neira, J. (1976): "El prefijo /des/ en la lengua gallego portuguesa", *Verba* 3, pp. 309-318.
- Normas: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 12ª ed. revisada (1ª ed.: 1982). [Santiago de Compostela]: ILG/RAG.
- Nunes, J. J. (1989): *Compêndio de gramática histórica portuguesa (Fonética e Morfologia)*. 9ª ed. Lisboa: Clássica Editora; 1ª ed.: 1919.
- Ohala, J. J. (1990): "The Phonetics and Phonology of Aspects of Assimilation", in J. Kingston / M. Beckman (eds.): *Papers in Laboratory Phonology. I. Between Grammar and Physics of Speech*. Cambridge: Cambridge University Press, pp. 258-275.
- Penny, R. (1991): *A History of the Spanish Language*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Pensado, J. L. (1964): "Ordinales desconocidos del galaico-português", *Zeitschrift für Romanische Philologie* 80, pp. 351-355.

- Piel, J.-M. (1989): “A flexão verbal do português (Estudo de morfologia histórica)”, in *Estudos de Linguística Histórica Galego-Portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, pp. 213-244. Ed. orixinal: *Biblos* 20 (1944), pp. 359-404.
- Posner, R. (1998): *Las lenguas romances*. Madrid: Cátedra. Ed. orixinal: *The Romance languages*. Cambridge: Cambridge University Press, 1996.
- Pulgram, E. (1970): *Syllable, word, nexus, cursus*. The Hague: Mouton.
- Regueira, X. L. (coord.) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais.
- Rocas: E. Duro Peña (1972): *El monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego. Estudio basado en el habla del Valle del Suarna*. Anexo 4 de *Verba, Anuario Galego de Filoloxía*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Sil: E. Duro Peña (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Sinogal.: A. García y García (dir.) (1981): *Synodicon hispanum. I. Galicia*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Sobreira, Fr. J. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- TA: J. Domínguez Fontela (1938-1939): “*Tratado de Albeiteria* por Jordan Rubio, de Calabria. Prefacio y transcripción crítica por Juan Domínguez Fontela, de la Real Academia de la Historia”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XI, 1938, n° 238, pp. 302-309; n° 239, pp. 345-352; n° 240, pp. 395-402; n° 241, pp. 451-458; n° 242, pp. 495-502; n° 243, pp. 543-550; XII, 1939, n° 244, pp. 13-20; n° 245, pp. 93-100; n° 246, pp. 109-115. J. Domínguez Fontela (1940): “El Códice de Albeiteria de Alvaro Eans o Yans da Seira. Epílogo”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XII, n° 251, pp. 261-264.
- TC: R. Lorenzo (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. [Vol. 1: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, 1975. Vol. 2: *Glosario*, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Tonel: J. Gómez Tonel (1612): “Soneto con falda”, in *Relacion de las exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Magestad de la Reyna D. Margarita de Austria, Nuestra Señora*. Santiago de Compostela: Joan Pacheco. Ed. facsímil (con prólogo de A. Rey Soto): Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951.
- USC: M. X. Justo Martín / M. Lucas Álvarez (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537)*. Edición diplomática. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- Väänänen, V. (1982): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos. Ed. orixinal: *Introduction au latin vulgaire*. Nouvelle édition revue et complétée d'une anthologie avec commentaires. Paris: Klincksieck, 1967.
- Veiga Rodríguez, A. (1982): "Oír, col, e outros casos de o < AU en galego", *Verba* 9, pp. 153-200.
- Veiga [Rodríguez], A. (1986): "Notas sobre algúns procesos reductivos de ditongos decrecentes en galego", *Verba* 13, pp. 301-311.
- Vil.: M. M. Graña Cid (1990): *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)*. Salamanca: Separata de *Estudios Mindonienses*.
- Viv.1: J. García Oro (1987): "Viveiro en los siglos XIV y XV. La colección de Santo Domingo de Viveiro", *Estudios Mindonienses* 3, pp. 11-131.
- Viv.2: E. Cal Pardo (1993): "Parroquias del ayuntamiento de Viveiro", *Estudios Mindonienses* 9, pp. 625-819.
- Williams, E. B. (1975): *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. 3ª ed. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- Yantar: E. Álvarez Álvarez (1983): "El yantar y el hospedaje en el sur de Galicia (1340-1450)", *Boletín Auriense* 13, pp. 137-152.